Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Ante a crise provocada pola COVID, é xa coñecido que a UE decidiu apostar por políticas económicas expansivas, que fixesen fronte aos riscos económicos existentes en Europa e particularmente nos países máis afectados pola pandemia.

Os fondos europeos Next Generation EU, e especificamente o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, son importantes para as posibilidades de modernización da economía galega ante a dobre transición ecolóxica e dixital, así como para a xeración de emprego, a cohesión social e territorial e a igualdade.

Sen embargo, a Xunta de Galicia careceu dende o inicio dunha estratexia fundamentada e actuou con falla de transparencia e pouca vontade de acordo, incluso ante o Parlamento de Galicia, evitando informar detalladamente e coordinar posicións de país no que poida ser prioritario.

✓ ASIGNACIÓN DE FONDOS EU A GALICIA.

Dato 1: Galicia ten asignados para o período 2021-2027: 3.150 millóns de euros para a política de cohesión —un 8,1% máis que no período 2014-2020 en virtude da negociación do Goberno de España—.

Se temos en conta todos os fondos que xestiona a Comunidade Autónoma o desglose sería o seguinte —ao que habería que engadir os 170 millóns de euros anuais dos pagos directos da Política Agrícola Común PAC (axudas á





renda dos agricultores e gandeiros: de 170 millóns de euros anuais e financiados ao 100 % pola UE).

Dato 2: A este marco, teríamos que engadir os fondos Next Generation da UE, territorializados na súa xestión a Comunidade Autónoma: que estarían por riba dos 1.545 millóns de euros, segundo os datos da ferramenta ELISA- que se nutre dos datos que lle proporcionan as comunidades autónomas e as entidades locais- que é a ferramenta on line que puxo o Goberno de España fai un mes a disposición de toda a cidadanía para consultar en tempo real a asignación dos fondos Next por Comunidade Autónoma, persoas beneficiarias, EELL etc, que amosa unha aposta do Goberno de España pola transparencia inequívoca xestión dos fondos; que choca coa opacidade e ineficiencia de xestión destes fondos polo Goberno galego.

Por outra banda, o Consello de Contas ano tras ano vén advertindo que a execución orzamentaria dos Fondos Europeos está por debaixo do 50 %, de forma sistemática.

Quedan sen executar 5,5 euros de cada dez que se programan e chegan a pagarse 3 de cada 10 euros que se presupostan. Dos 448 proxectos con fondos europeos xestionados pola Comunidade Autónoma case 4 de cada 10 non tiveron ningún pago no exercicio.

No que respecta aos instrumentos de gobernanza dos fondos de recuperación resulta paragóxica a confusión existente no actual esquema de xestión dos fondos europeos en Galicia, e a adición dunha nova rede de xestión a un esquema actualmente carente de ningunha coordinación dada a inexistencia de estruturas de coordinación, dado que o Comité de Fondos Europeos da Xunta de Galicia está practicamente inédito desde a súa creación.

Por parte do Goberno galego hai unha nula vontade de xestión compartida dos fondos europeos, e sorprende que se presentasen iniciativas no Parlamento de Galicia para reclamar á Administración Xeral do Estado a participación na xestión dos fondos europeos. Compraría lembrarlle ó Goberno galego o





historial da Xunta de Galicia neste eido e a nula vontade autonómica de dar participación ás entidades locais de Galicia na xestión dos fondos europeos.

Así, sobre o total dos fondos europeos percibidos por Galicia o recibido polos concellos representa menos do 2 % do total, fronte ao 6,16 % que representaba en 2016. Desde o ano 2014 a participación dos concellos de Galicia na xestión dos fondos europeos asignados á Comunidade Autónoma reduciuse un 64,1 %.

Para finalizar, compre poñer de manifesto que é máis alarmante que en plena campaña electoral das eleccións europeas para o 9 de xuño de 2024, o líder no Partido Popular nacional, Alberto Núñez Feijóo, arremeteu este venres 23 de maio de 2024 contra os Fondos Next Generation da Unión Europea afirmando que “eses fondos son débeda dos europeos en 750.000 millóns de euros”. Unha situación que achacou á burocracia” e ás “normas que reducen a “competitividade” das empresas. O líder do PP sinalou directamente ás institucións comunitarias, a cuxo fronte está a Comisión Europea que preside Ursula Von Der Leyen.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Está de acordo o Goberno galego coa afirmación de que os Fondos Next Generation da Unión Europea non son bos para Galicia, para as empresas, e que só traerán débeda para España?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:26:42
Nº Rexistro: 16979
Data envío: 13/01/2025 13:26:42.392

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 09:28:04

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2025 09:28:17

CSV: B6P5TRB3-HeZqYmbAUC54
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60704

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:27:18
Nº Rexistro: 16981
Data envío: 13/01/2025 13:27:18,267

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Lara Méndez López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Sabemos todos que Galicia ten unha grande riqueza de recursos enerxéticos renovables autóctonos. Pero debemos poñer os medios. Facer política en maiúsculas e o Goberno galego non a está a facer. O Goberno galego non ten un modelo claro para o desenvolvemento enerxético de Galicia, e nomeadamente existe un “caos” de xestión no desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia.

O Plan sectorial eólico de Galicia vixente data do ano 1997, ao que debemos sumar que Goberno galego ten un asunto pendente - e que ten relación incidencia directa para saber as causas de como se está a desenvolver a enerxía eólica na nosa terra - que é a ampliación da Rede Natura. Asunto que non se quere abordar porque se sabe que habería que facer unha nova planificación, ordenación de ADES que se adecuara a nova lexislación de ordenación do territorio e de declaración ambiental estratéxica.

Esta expansión eólica está a desenvolverse sen unha adecuada planificación e control e sen público garantías para a participación social, a salvagarda do patrimonio natural e dos usos sociais e económicos do noso territorio.

Por iso as e os socialistas de Galicia, presentamos numerosas iniciativas sobre a enerxía eólica e ofrecemos un pacto pola industria e a enerxía, cun proxecto realista e propositivo que vai as ser un dos signos da nosa identidade





socialista, dentro da medida e o equilibrio. Para facelo posible, os socialistas galegos propoñemos como primeira medida a realización dun mapeado e zonificación das explotacións enerxéticas que permita un desenvolvemento harmonioso dos proxectos renovables.

Asemade, se queremos ter éxito na transición ecolóxica, o conxunto da cidadanía debe ser partícipe dos seus beneficios. Por iso, o compromiso climático debe acompañarse de recursos comunitarios suficientes para apoiar ás comunidades e traballadores das zonas máis afectadas polo cambio de modelo produtivo.

Polo que respecta ao parque eólico do Morrazo:

A empresa "Arena Power", con sede en Madrid, pretende presentar un proxecto para a construción dun Parque Eólico na comarca do Morrazo formado por 15 aeroxeradores, dúas subestacións coas correspondentes uñas de evacuación eléctrica e dúas torres de observación en terreos dos montes de San Martiño e Domaio no concello de Moaña; Santomé de Piñeiro en Marín e Santa Cristina máis San Adrián de Cobres no de Vilaboa.

Este parque eólico situaríase dentro da Área de Desenvolvemento Eólico do Morrazo establecida no Plan Eólico da Xunta de 1997 (4.362 hectáreas da elevada dorsal granítica da península, equivalente á cuarta parte da súa superficie).

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai o Goberno galego a aprobar un novo plan sectorial eólico de Galicia cun novo mapeo con criterios de sensibilidade ambiental, no que teña en conta as zonas de ampliación da Rede Natura?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:27:18
Nº Rexistro: 16981
Data envío: 13/01/2025 13:27:18.267

2. O Goberno galego vai a eliminar a Área de Desenvolvemento Eólico do Morrazo do Plan eólico de Galicia de 1997?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 09:24:13

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2025 09:24:25

Carlos López Font na data 13/01/2025 09:24:34

Lara Méndez López na data 13/01/2025 09:24:43

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60707

@PSdeG



CSV: BGPSIBR03up3dYwstM034
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Lara Méndez López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral **en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Segundo a noticia publicada ou 23 de maio de 2024, Airbus vaise do polo aeronáutico de Rozas (Lugo), ao que chegou no ano 2022 cun plan de desenvolvemento de 20 proxectos de I+D cun investimento de 242,6 millóns de euros (28,7 achegados pola Xunta).

Esta saída mostra, primeiro, o fracaso do Goberno galego no polo aeronáutico de Rozas- que segue a estar moi inactivo logo da forte inversión pública-, e, por outra banda, a saída de Airbus amosa a súa aposta pola industria de defensa, da que Galicia está a perder o tren, e segue sen apostar pola creación en Galicia dun clúster de industria de defensa militar, no que a cidade de Ferrol ou comarca poderían ser un lugar estratéxico para a súa creación.

Coa creación do clúster de industria de defensa militar, poderíase aproveitar polo Goberno galego as sinerxías que se poden crear co Goberno de España e a empresa estatal Navantia, que conta coa maior inversión realizada nun estaleiro do noso país en máis de 100 anos. Máis de 5.000 millóns de euros suman o total de investimentos total do Goberno en Ferrol e a súa área.

Este compromiso do Goberno de España con Galicia supón unha gran oportunidade, para a comarca e para Galicia con máis de 300 empresas implicadas, e garantindo o emprego para 13 anos, coa xeración tamén de 9.000 empregos.





Mentres o PP destruíu 40.000 empregos industriais na última década (segundo o Consello Económico e Social), as e os socialistas impulsamos a creación de empregos de calidade para a comarca de Ferrolterra pero tamén para toda Galicia.

Polo tanto, a creación do clúster de industria da defensa militar permitiría aproveitar as sinerxías con Navantia e coas empresas auxiliares na construción da serie de Fragatas F110 para xerar maior valor engadido e coñecemento, xerado no desenvolvemento do propio programa, de maneira que este poida servirllas a cada unha delas para diversificar a súa actividade e transferir coñecemento e experiencia a outras aplicacións no ámbito civil.

Do mesmo xeito, poderíase crear o foro adecuado para a concentración de esforzos en ámbitos de interese mutuo nun sector que pola súa propia natureza é netamente exportador, incorpora nos seus programas un elevado orzamento destinado á investigación, desenvolvemento e innovación e cuxos desenvolvementos son perfectamente aplicables a outros usos (de carácter civil).

Aproveitar a presenza en Galicia de importantes tractores industriais como son Urovesa ou Navantia para promover e favorecer a dixitalización e incorporación de tecnoloxías disruptivas entre a industria auxiliar, establecendo estratexias comúns para a formación, capacitación dixital e implantación de novas tecnoloxías.

En definitiva: establecer un marco de colaboración estable entre as industrias situadas en Galicia, as universidades galegas e os socios tecnolóxicos de primeiro nivel implicados nos programas en curso.

Asemade, a creación do clúster da industria de defensa amosaría o respaldo da Administración autonómica fixando os recursos e os programas de





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:28:18
Nº Rexistro: 16983
Data envío: 13/01/2025 13:28:18.674

investigación en Ferrol que xa están en curso (UMI) ou promovendo estudos novos a través dos seus propios centros (GAIN). Colaboración das tres universidades galegas, especialmente no ámbito naval, tecnolóxico, industrial, aeroespacial ou telecomunicacións. Respaldo da Administración central a través dos ministerios de Industria, Defensa e de Ciencia a través de axudas para o financiamento de proxectos e persoal investigados, colaboración cos centros de investigación do Estado.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Está disposto o Goberno galego a impulsar en Ferrol ou na comarca a creación do clúster de industria da defensa no vindeiro ano?
2. Asume o Goberno galego o compromiso de colaborar co Ministerio de Defensa, con Navantia, coas universidades e cos centros de investigación creados para lograr situar a Galicia como Comunidade Autónoma líder na industria de defensa?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 09:34:55

Julio Abalde Alonso na data 13/01/2025 09:35:08

Lara Méndez López na data 13/01/2025 09:35:18

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60710

@PSdeG



CSV: BGRISIRB3gZSYWAG-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Recentemente, foi publicado o informe correspondente aos datos das listas de agarda na sanidade galega, especificada por especialidades e áreas sanitarias.

Pois ben, tendo en conta estes datos atopámonos que unha das causas que contribúen á deficiente situación na que se atopa a sanidade pública do noso país é o tempo de agarda para unha intervención cirúrxica, proba diagnóstica, ou unha consulta con especialistas.

E que se corresponde coa falla de investimento xa que Galicia se sitúa á cola en gastos *per cápita* para sanidade, xunto con educación e políticas sociais.

Ante estes datos alarmantes é significativo que o máximo responsable de sanidade en Galicia, pida dar “importancia relativa” ás listas de espera e que na súa opinión o importante son “os resultados que teñen esas listas de espera na saúde das e dos pacientes”.

Ningún dubida do bo facer das persoas profesionais da medicina que moitas veces, o seu labor vai máis aló do que realmente lle corresponde, mantendo a calidade da atención sanitaria a pesar das deficiencias organizativas.





Pero non é tan difícil coñecer que os tempos en sanidade si son importantes, e a dilación excesiva non só pode afectar á evolución da doenza senón que tamén provoca malestar do paciente, angustia e inseguridade para eles e os seus familiares, cronificación das enfermidades...

Por outra banda o conselleiro de Sanidade manifestou que o informe sobre listas de espera “era o esperable”, como trasladando certa conformidade. Estamos pois, ante unha cronificación non dunha enfermidade, senón dun problema ao que non se quixo poñer remedio a tempo e agora se converteu nun gran problema, o que xera queixas fundamentadas por parte das e dos doentes e familiares. Converteuse nun gran problema, porque non existiu nin existe planificación nin xestión para estar á altura das circunstancias que necesitan as persoas usuarias da sanidade pública.

Os datos das listas de espera sumados ás manifestacións do conselleiro da área, poñen ao descuberto a nula vontade política do Goberno da Xunta de Galicia.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de agarda para consultas no Hospital Virxe da Xunqueira en Cee, o primeiro hospital con maior lista de agarda?
2. Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as listas de agarda de cirurxía vascular, cirurxía cardíaca e cirurxía pediátrica no Hospital Virxe da Xunqueira en Cee?
3. Que pensa facer a Consellería de Sanidade para rebaixar as probas diagnósticas na área sanitaria da Coruña?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:29:02
Nº Rexistro: 16985
Data envío: 13/01/2025 13:29:02.627

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 09:37:32

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2025 09:37:41

Silvia Longueira Castro na data 13/01/2025 09:37:51

CSV: B6P5T8P9g5a2Kfu&UC-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60713

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O Consello de Contas ano tras ano vén advertindo que a execución orzamentaria dos Fondos Europeos está por debaixo do 50 %, de forma sistemática.

Quedan sen executar 5,5 euros de cada dez que se programan e chegan a pagarse 3 de cada 10 euros que se presupostan. Dos 448 proxectos con fondos europeos xestionados pola Comunidade Autónoma case 4 de cada 10 non tiveron ningún pago no exercicio.

A esta situación chégase por varias causas:

- a) Caos na xestión. En Galicia a día de hoxe, déixanse sen executar 5,5 de cada 10 euros que se presupostan de Fondos Europeos e só se pagan no exercicio a metade do presupostado.

O goberno da Xunta de Galicia malia a opacidade na xestión dos fondos europeos, ten a dubidosa honra de ser o primeiro Goberno autonómico que tivo que devolver fondos da Política Agrícola Común, fondos dos labregos e gandeiros galegos (55 millóns de euros) por non ser quen de executalos en prazo en 2015.

No relativo aos instrumentos de gobernanza dos fondos de recuperación resulta paradóxica a confusión existente no actual esquema de xestión dos fondos europeos en Galicia, e a adición dunha nova rede de xestión a un esquema actualmente carente de ningunha coordinación dada a inexistencia de





estruturas de coordinación, dado que o Comité de Fondos Europeos da Xunta de Galicia está practicamente inédito desde a súa creación.

A día de hoxe conviven como illas de xestión como mínimo as seguintes na Xunta de Galicia en relación cos Fondos Europeos:

- Fondos Europeos Agrícolas, xestionados por xestores de múltiples consellerías e organismos da administración paralela, sen ningunha relación co resto de fondos nin coa Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.
- Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, na súa illa da Consellería do Mar.
- FSE e Feder, sen relacións operativas co resto de fondos, as mesmas incorreccións que se producen en relación co FEADER, reproducense no FEDER e no FSE.
- Fondos INTERREG coordinados pola Consellería de Presidencia.
- Fondos de Innovación coordinados pola Axencia de Innovación.
- A este ineficiente xestión, agréganse agora os Fondos Next Generation que pasan a ter a súa propia estrutura de xestión en paralelo vinculada á Consellería de Economía e Industria.

Por parte do Goberno galego do PPdG hai unha nula vontade de xestión compartida dos fondos europeos. Cando reclama á Administración Xeral do Estado a participación na xestión dos fondos europeos, hai que lembrar o historial da Xunta de Galicia neste eido e a nula vontade autonómica de dar participación ás entidades locais de Galicia na xestión dos Fondos Europeos.

Sobre o total dos Fondos Europeos percibidos por Galicia o recibido polos concellos representa menos do 2 % do total, fronte ao 6,16 % que representaba en 2016.

Desde o ano 2014 a participación dos concellos de Galicia na xestión dos fondos europeos asignados á Comunidade Autónoma reduciuse un 64,1 %.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:29:41
Nº Rexistro: 16987
Data envío: 13/01/2025 13:29:41.815

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que medidas organizativas vai a adoitar a Xunta de Galicia que impliquen unha mellor coordinación, eficiencia e xestión dos tódolos fondos europeos que recibe o Goberno galego?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 09:40:43

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2025 09:40:54





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O Consello de Contas de Galicia publicou o 6 de maio de 2024 os seguintes informes:

- Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade autónoma, exercicio 2022.
- Informe de Fiscalización sobre as contas anuais das sociedades mercantís autonómicas.
- Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2022.
- Informe Económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2022.
- Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras.

Nos devanditos informes, o órgano fiscalizador pon de manifesto importantes irregularidades apunta a un deficiente orzamento da Xunta de Galicia en 2022 ao existir un uso recorrente das ampliacións de crédito, que van á alza, do mesmo xeito que o uso do fondo de continxencia para partidas previsibles.

No seu informe sobre a Conta Xeral de 2022, Contas incide en diferentes reproches realizados á Xunta nos últimos anos, os cales pasan por un uso indebido do fondo de continxencia, imputar gastos a exercicios que non se corresponden e ampliacións de crédito reiteradas sobre partidas que se poden determinar anualmente de forma máis precisa nos orzamentos iniciais.





Un exercicio que se viu marcado pola xestión dos fondos europeos de recuperación fronte á pandemia, no que a xestión do goberno galego amosase claramente como ineficiente e cunha porcentaxe de execución por debaixo do cincuenta por cento. Nun ano aínda marcado pola incidencia da covid, obsérvase que os recursos do sistema de financiamento autonómico caeron un 2,2 %.

A baixa recadación efectiva do ano 2020, a consecuencia do impacto de crise, deu como resultado unha liquidación negativa dos recursos do sistema de 392,2 millóns de euros (fronte ao saldo positivo do exercicio anterior de 376 millóns de euros) que foi compensada polo Estado cunha transferencia extraordinaria polo mesmo importe.

O Consello de Contas ano tras ano ven advertindo que a execución orzamentaria dos Fondos Europeos está por debaixo do 50 %, de forma sistemática.

Quedan sen executar 5,5 euros de cada dez que se programan e chegan a pagarse 3 de cada 10 euros que se presupostan.

Dos 448 proxectos con fondos europeos xestionados pola Comunidade Autónoma case 4 de cada 10 non tiveron ningún pago no exercicio.

Respecto á execución dos fondos europeos de recuperación, o informe indica que en decembro de 2022 o Estado asignara a Galicia 1.659 millóns de fondos europeos de recuperación pola covid, dos que a Xunta ingresara 1.218 millóns.

De acordo coa programación plurianual, os créditos consignado a finais de 2022 para os fondos do Mecanismo Europeo de Recuperación (MRR) foron de 529 millóns e para o REACT, de 596 millóns, polo que a execución sitúase no 35 % e o 36 %, respectivamente, dos créditos definitivos. Con todo, estaba en fase de compromiso o 56 % dos créditos (un 72 % se se consideran compromisos futuros).





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:30:17
Nº Rexistro: 16988
Data envío: 13/01/2025 13:30:17.159

Esa execución acumulada representa un 15 % dos fondos MRR asignados polo Estado para o período de programa 2021-2026 (un 17 % dos ingresados) e un 48 % dos fondos REACT asignados (un 182 % dos ingresados) para o período 2021-2023.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai o Goberno galego a asumir neste 2024 todas e cada unha das recomendacións que o Consello de Contas de Galicia fai no informe sobre a Conta Xeral da Comunidade Autónoma publicado o 6 de maio de 2024?
2. Que medidas vai a adoitar o Goberno galego para mellorar a xestión da execución e pago dos fondos europeos de recuperación que se sitúan por debaixo do 50 %?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 10:18:15

Paloma Castro Rey na data 13/01/2025 10:19:06

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2025 10:19:15

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60719

@PSdeG



CSV: BGPSIBDQWZ1YU4RG-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O Consello de Contas de Galicia publicou o 6 de maio de 2024 os seguintes informes:

- Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade autónoma, exercicio 2022.
- Informe de Fiscalización sobre as contas anuais das sociedades mercantís autonómicas.
- Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2022.
- Informe Económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2022.
- Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras.

Nos devanditos informes, o órgano fiscalizador pon de manifesto importantes irregularidades apunta a un deficiente orzamento da Xunta de Galicia en 2022 ao existir un uso recorrente das ampliacións de crédito, que van á alza, do mesmo xeito que o uso do fondo de continxencia para partidas previsibles.

No seu informe sobre a Conta Xeral de 2022, Contas incide en diferentes reproches realizados á Xunta nos últimos anos, os cales pasan por un uso indebido do fondo de continxencia, imputar gastos a exercicios que non se corresponden e ampliacións de crédito reiteradas sobre partidas que se poden determinar anualmente de forma máis precisa nos orzamentos iniciais.





Un exercicio que se viu marcado pola xestión dos fondos europeos de recuperación fronte á pandemia, no que a xestión do goberno galego amosase claramente como ineficiente e cunha porcentaxe de execución por debaixo do cincuenta por cento. Nun ano aínda marcado pola incidencia da covid, obsérvase que os recursos do sistema de financiamento autonómico caeron un 2,2 %.

A baixa recadación efectiva do ano 2020, a consecuencia do impacto de crise, deu como resultado unha liquidación negativa dos recursos do sistema de 392,2 millóns de euros (fronte ao saldo positivo do exercicio anterior de 376 millóns de euros) que foi compensada polo Estado cunha transferencia extraordinaria polo mesmo importe.

O Consello de Contas ano tras ano ven advertindo que a execución orzamentaria dos Fondos Europeos está por debaixo do 50 %, de forma sistemática.

Quedan sen executar 5,5 euros de cada dez que se programan e chegan a pagarse 3 de cada 10 euros que se presupostan.

Dos 448 proxectos con fondos europeos xestionados pola Comunidade Autónoma case 4 de cada 10 non tiveron ningún pago no exercicio.

Respecto á execución dos fondos europeos de recuperación, o informe indica que en decembro de 2022 o Estado asignara a Galicia 1.659 millóns de fondos europeos de recuperación pola covid, dos que a Xunta ingresara 1.218 millóns.

De acordo coa programación plurianual, os créditos consignado a finais de 2022 para os fondos do Mecanismo Europeo de Recuperación (MRR) foron de 529 millóns e para o REACT, de 596 millóns, polo que a execución sitúase no 35 % e o 36 %, respectivamente, dos créditos definitivos. Con todo, estaba en fase de compromiso o 56 % dos créditos (un 72 % se se consideran compromisos futuros).





Esa execución acumulada representa un 15 % dos fondos MRR asignados polo Estado para o período de programa 2021-2026 (un 17 % dos ingresados) e un 48 % dos fondos REACT asignados (un 182 % dos ingresados) para o período 2021-2023.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai o Goberno galego a asumir neste 2024 todas e cada unha das recomendacións que o Consello de Contas de Galicia fai no informe sobre a Conta Xeral da Comunidade Autónoma publicado o 6 de maio de 2024?
2. Que medidas vai a adoitar o Goberno galego para mellorar a xestión da execución e pago dos fondos europeos de recuperación que se sitúan por debaixo do 50 %?

Santiago de Compostela, **Á MESA DO PARLAMENTO**

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O Consello de Contas de Galicia publicou o 6 de maio de 2024 os seguintes informes:

- Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade autónoma, exercicio 2022.
- Informe de Fiscalización sobre as contas anuais das sociedades mercantís autonómicas.





- Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2022.
- Informe Económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2022.
- Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras.

Nos devanditos informes, o órgano fiscalizador pon de manifesto importantes irregularidades apunta a un deficiente orzamento da Xunta de Galicia en 2022 ao existir un uso recorrente das ampliacións de crédito, que van á alza, do mesmo xeito que o uso do fondo de continxencia para partidas previsibles.

No seu informe sobre a Conta Xeral de 2022, Contas incide en diferentes reproches realizados á Xunta nos últimos anos, os cales pasan por un uso indebido do fondo de continxencia, imputar gastos a exercicios que non se corresponden e ampliacións de crédito reiteradas sobre partidas que se poden determinar anualmente de forma máis precisa nos orzamentos iniciais.

Un exercicio que se viu marcado pola xestión dos fondos europeos de recuperación fronte á pandemia, no que a xestión do goberno galego amosase claramente como ineficiente e cunha porcentaxe de execución por debaixo do cincuenta por cento. Nun ano aínda marcado pola incidencia da covid, obsérvase que os recursos do sistema de financiamento autonómico caeron un 2,2 %.

A baixa recadación efectiva do ano 2020, a consecuencia do impacto de crise, deu como resultado unha liquidación negativa dos recursos do sistema de 392,2 millóns de euros (fronte ao saldo positivo do exercicio anterior de 376 millóns de euros) que foi compensada polo Estado cunha transferencia extraordinaria polo mesmo importe.





O Consello de Contas ano tras ano ven advertindo que a execución orzamentaria dos Fondos Europeos está por debaixo do 50 %, de forma sistemática.

Quedan sen executar 5,5 euros de cada dez que se programan e chegan a pagarse 3 de cada 10 euros que se presupostan.

Dos 448 proxectos con fondos europeos xestionados pola Comunidade Autónoma case 4 de cada 10 non tiveron ningún pago no exercicio.

Respecto á execución dos fondos europeos de recuperación, o informe indica que en decembro de 2022 o Estado asignara a Galicia 1.659 millóns de fondos europeos de recuperación pola covid, dos que a Xunta ingresara 1.218 millóns.

De acordo coa programación plurianual, os créditos consignado a finais de 2022 para os fondos do Mecanismo Europeo de Recuperación (MRR) foron de 529 millóns e para o REACT, de 596 millóns, polo que a execución sitúase no 35 % e o 36 %, respectivamente, dos créditos definitivos. Con todo, estaba en fase de compromiso o 56 % dos créditos (un 72 % se se consideran compromisos futuros).

Esa execución acumulada representa un 15 % dos fondos MRR asignados polo Estado para o período de programa 2021-2026 (un 17 % dos ingresados) e un 48 % dos fondos REACT asignados (un 182 % dos ingresados) para o período 2021-2023.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai o Goberno galego a asumir neste 2024 todas e cada unha das recomendacións que o Consello de Contas de Galicia fai no informe sobre a Conta Xeral da Comunidade Autónoma publicado o 6 de maio de 2024?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:30:34
Nº Rexistro: 16989
Data envío: 13/01/2025 13:30:34.268

2. Que medidas vai a adoitar o Goberno galego para mellorar a xestión da execución e pago dos fondos europeos de recuperación que se sitúan por debaixo do 50 %?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 10:19:43

Paloma Castro Rey na data 13/01/2025 10:19:54

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2025 10:20:01

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60725

@PSdeG



CSV: B0PIS7B9C9t9g9m9p9k9C-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O Consello de Contas pon de manifesto importantes irregularidades e apunta a un deficiente orzamento da Xunta de Galicia ao existir un uso recorrente das ampliacións de crédito, que van á alza, do mesmo xeito que o uso do fondo de continxencia para partidas previsibles.

No seu informe sobre a Conta Xeral de 2022, Contas incide en diferentes reproches realizados á Xunta de Galicia nos últimos anos, os cales pasan por un uso indebido do fondo de continxencia, imputar gastos a exercicios que non se corresponden e ampliacións de crédito reiteradas sobre partidas que se poden determinar anualmente de forma máis precisa nos orzamentos iniciais.

Un exercicio que se viu marcado pola xestión dos fondos europeos de recuperación fronte á pandemia, no que a xestión do Goberno galego amosase claramente como ineficiente e cunha porcentaxe de execución por debaixo do cincuenta por cento. Nun ano aínda marcado pola incidencia da covid, obsérvase que os recursos do sistema de financiamento autonómico caeron un 2,2 %.

A baixa recadación efectiva do ano 2020, a consecuencia do impacto de crise, deu como resultado unha liquidación negativa dos recursos do sistema de 392,2 millóns de euros (fronte ao saldo positivo do exercicio anterior de 376 millóns de euros) que foi compensada polo Estado cunha transferencia extraordinaria polo mesmo importe.





O Consello de Contas ano tras ano vén advertindo que a execución orzamentaria dos Fondos Europeos está por debaixo do 50 %, de forma sistemática.

Quedan sen executar 5,5 euros de cada dez que se programan e chegan a pagarse 3 de cada 10 euros que se presupostan.

Dos 448 proxectos con fondos europeos xestionados pola Comunidade Autónoma case 4 de cada 10 non tiveron ningún pago no exercicio.

Respecto á execución dos fondos europeos de recuperación, o informe indica que en decembro de 2022 o Estado asignara a Galicia 1.659 millóns de fondos europeos de recuperación pola covid, dos que a Xunta de Galicia ingresara 1.218 millóns.

De acordo coa programación plurianual, os créditos consignado a finais de 2022 para os fondos do Mecanismo Europeo de Recuperación (MRR) foron de 529 millóns e para o REACT, de 596 millóns, polo que a execución sitúase no 35 % e o 36 %, respectivamente, dos créditos definitivos. Con todo, estaba en fase de compromiso o 56 % dos créditos (un 72 % se se consideran compromisos futuros).

Esa execución acumulada representa un 15 % dos fondos MRR asignados polo Estado para o período de programa 2021-2026 (un 17 % dos ingresados) e un 48 % dos fondos REACT asignados (un 182 % dos ingresados) para o período 2021-2023.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai o Goberno galego a asumir todas e cada unha das recomendacións que o Consello de Contas de Galicia fai no informe sobre a Conta Xeral da Comunidade Autónoma publicado o 6 de maio de 2024?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:32:44
Nº Rexistro: 16991
Data envío: 13/01/2025 13:32:44.629

2. Que medidas vai a adoitar o Goberno galego para mellorar a xestión da execución e pago dos fondos europeos de recuperación que se sitúan por debaixo do 50 %?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 10:25:32

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2025 10:25:41

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60728

@PSdeG



CSV: BGPISJB93miz0PKV6G-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O Consello de Contas pon de manifesto no derradeiro informe da Conta Xeral importantes irregularidades e apunta a un deficiente orzamento da Xunta de Galicia ao existir un uso recorrente das ampliacións de crédito, que van á alza, do mesmo xeito que o uso do fondo de continxencia para partidas previsibles.

En concreto no informe do Consello de Contas, detéctanse os seguintes erros e incorreccións:

- A Xunta de Galicia segue sen adaptar o seu Plan Contable, sorprende que en 2024 segue a aplicar o Plan Contable de 2001, sen adaptar ao Plan Xeral de Contabilidade Pública de 2010.
- Sergas xestionando o 40 % do gasto non financeiro da Comunidade Autónoma segue sen implantar un sistema integral de contabilidade.
- Un ano máis segue a constatarase a problemática do gasto desprazado dun exercicio a outro, neste caso 79.21 millóns de euros.
- Gastos de inversións - páxina 131. Da análise efectuada polo Consello de Contas detéctase que o 35 % dos gastos de inversión que se imputan pola Xunta de Galicia, se fan de forma incorrecta ao tratarse de gasto corrente, co que se está ofrecendo unha imaxe irreal do esforzo inversor da Comunidade Autónoma.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:33:20
Nº Rexistro: 16993
Data envío: 13/01/2025 13:33:20.441

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai o Goberno galego a asumir todas e cada unha recomendacións que o Consello de Contas de Galicia fai no informe sobre a Conta Xeral da Comunidade autónoma publicado o 6 de maio de 2024?
2. Vai o Goberno galego a adaptar o seu Plan Contable, ao Plan Xeral de Contabilidade Pública de 2010?
3. No Sergas xestionando o 40 % do gasto non financeiro da Comunidade Autónoma, vaise implementar un sistema integral de contabilidade?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 10:27:44

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2025 10:27:52





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:33:48
Nº Rexistro: 16994
Data envío: 13/01/2025 13:33:48,926

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia defende a máxima esixencia política e democrática como parte dunha oposición útil e responsable. Unha esixencia onde principios como a transparencia, a integridade e a rendición de contas, a participación cidadá, a responsabilidade e o respecto aos principios da democracia sexan os comportamentos que guíen a acción política e institucional en Galicia, a fin de alcanzar o nivel que teñen as sociedades máis desenvolvidas da nosa contorna política e cultural.

Unha liña de acción política prioritaria dos socialistas nesta lexislatura - e sobre a que insistiremos todos os días en traer a axenda do Parlamento galego - é a do impulso pola rexeneración democrática, a transparencia e a integridade pública, que é unha sinatura pendente do Goberno galego do Partido Popular de Galicia logo de quince anos.

A Xunta de Galicia atópase á cola de España en materia de transparencia e calidade de goberno, segundo o último Informe de Cohesión Económica, Social e Territorial elaborado pola UE. O Executivo galego suspende no exame da UE sobre a calidade, transparencia no Goberno galego. Así, se desprende do noveno Informe de Cohesión Económica, Social e Territorial da Unión Europea, no que se introduce unha avaliación sobre a calidade de goberno no nivel subestatal europeo realizado desde 2010 pola Universidade de Gotemburgo. Trátase do Índice Europeo de Calidade de Goberno (EQI, polas súas siglas en





inglés) que permite valorar a imparcialidade, eficiencia e ausencia de corrupción nas rexións europeas.

Por outra banda, a Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, atribuíu ao Consello de Contas a competencia de colaborar coas entidades do sector público no deseño e implantación de sistemas de prevención da corrupción e na avaliación dos plans de prevención de riscos que se adopten neste ámbito.

No derradeiro traballo realizado a iniciativa do Consello de Contas aprobado o 10 de maio de 2023, que completa o proceso iniciado co diagnóstico de 2018, avaliase os avances do Sector público autonómico no conxunto de estratexias para mellorar os sistemas de prevención de riscos da corrupción no Goberno galego e fanse unha serie de recomendacións, que a día de hoxe, moitas das recomendacións non foron seguidas pola Xunta de Galicia.

O Goberno galego debe dar un paso decisivo en promover unha estratexia en materia de Integridade institucional, prevención da corrupción e rexeneración democrática.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión sobre os avances do Goberno galego en materia de transparencia e integridade institucional, segundo as recomendacións feitas polo Consello de Contas de Galicia neste eido:

1. Modificouse a Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno no sector público autonómico, ou ditouse outra normativa autonómica para completar a regulación dos conflitos de intereses, o procedemento e a supervisión dos mesmos e a regulación dos grupos de intereses (lobbies)?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:33:48
Nº Rexistro: 16994
Data envío: 13/01/2025 13:33:48,926

2. Cantos procedementos se instruíron e resolveron na Oficina de conflitos de intereses dependente orgánica e funcionalmente da Dirección Xeral con competencias en materia de función pública?
3. Actualizouse o Código Ético e aprobouse un plan de formación específico de formación, capacitación e actualización en materia de integridade e conflitos de intereses para empregados públicos e altos cargos do Goberno galego?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 10:29:07

Paloma Castro Rey na data 13/01/2025 10:29:18

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60733

@PSdeG



CSV: BGRISJTRDGA8BZA6XG74
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



acreditativa do intento de solución realizado, debendo existir identidade entre o obxecto da negociación intentada e do litixio.

A lei non contempla un número pechado de modalidades de negociación previa á vía xurisdiccional civil, permitindo recorrer tanto a sistemas de autocomposición como de heterocomposición, tales como a mediación, conciliación, opinión de experta independente, proceso colaborativo...

Ao tempo que introduce con carácter preceptivo a necesidade de recorrer ao intento de solución pactada das controversias civís, establece a exixencia da existencia de mecanismos públicos para a solución de conflitos de acceso gratuíto para as partes.

E por iso que formulamos a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 1ª:

Que actuacións ten previsto realizar o Goberno Galego para asegurar a existencia de mecanismos públicos de acceso gratuíto para a solución de conflitos previamente ao acceso á vía xudicial civil??

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
Óscar Insua Lema
Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/01/2025 13:39:32

Óscar Insua Lema na data 13/01/2025 13:39:35





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.^a, **Economía, Facenda e Orzamentos**.

Por parte do Goberno de España, o total axudas de MITECO para proxectos en transición xusta en Galicia (en resolución definitiva) foi de 111,9 millóns de euros (81,2 millóns de euros As Pontes, 30,6 millóns de euros Meirama), que mobilizará 390 millóns de euros de investimento.

O Fondo de Transición Xusta (FTX) dotado con 111 millóns de euros, busca xerar un impacto económico e social positivo nas zonas afectadas pola denominada transición climática, que se corresponde coa provincia da Coruña, en concreto coas centrais de Meirama e das Pontes, prestando apoio aos territorios e ás persoas traballadoras afectadas e promovendo unha transición socioeconómica equilibrada.

As pemes son as principais destinatarias, sendo o obxectivo identificar grandes proxectos que impulsen as iniciativas desas pequenas e medianas empresas para, de modo conxunto, conformar un plan de desenvolvemento territorial sostible.

A pesar do apoio do Goberno de España coas comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama, con especial apoio á xeración de postos de traballo para colectivos de interese, a falta de apoio do Goberno galego coas zonas afectadas é un feito a día de hoxe.





Nunha nota de prensa do 14 de xuño de 2023 o anterior director do Igape e a anterior secretaria xeral de Industria, que participaron no Comité de Política Industria da Xunta de Galicia, afirmaban que durante os próximos meses estaba prevista a posta en marcha de distintas liñas do FTX.

Así, os representantes autonómicos subliñaron que Galicia era a comunidade que máis avanzada está nos trámites de desenvolvemento do fondo.

Pois ben, logo dese anuncio o Goberno galego deses 111 millóns de euros do FTX, que son xestionados directamente pola Xunta de Galicia (para A Coruña, o 12,82 % do FTX para España) convocouse en maio de 2024 (logo dun ano) a convocatoria de axudas do FTX para impulsar a mellora da sustentabilidade enerxética no sector industrial da provincia da Coruña. Achegas cuxo importe ascende a 7 millóns de euros que serán financiados co Fondo de Transición Xusta.

Asemade, a pesar do retraso no ano 2024 da convocatoria polo Goberno autonómico das axudas do FTX xestionadas directamente pola Xunta de Galicia, o pasado 2 de xaneiro de 2025 publicouse no DOG a resolución o INEGA do 20 de decembro de 2024 pola que se declara deserta a convocatoria para o ano 2024 de subvencións para proxectos singulares de mellora da sustentabilidade enerxética en empresas do sector industrial da provincia da Coruña, susceptibles de cofinanciamento pola Unión Europea no marco do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027.

Esta declaración administrativa de deserta da convocatoria de axudas para proxectos singulares para a mellora da sustentabilidade enerxética en empresas do sector industrial da provincia da Coruña, evidencia a falta de planificación, falta de eficiencia e falta de eficacia na xestión das axudas públicas do Fondo de Transición Xusta que son xestionadas directamente pola Xunta de Galicia.





Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cando ten previsto o Goberno galego convocar todas as diferentes liñas de subvencións públicas do Fondo de Transición Xusta para favorecer ás comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama?

Santiago de Compostela, a **Á MESA DO PARLAMENTO**

Patricia Iglesias Rey, Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A pandemia da covid-19 provocou unha crise económica e social de dimensións non coñecidas ata ese momento e que foi posible ir superando grazas aos recursos económicos achegados pola Unión Europea e polos Estados para que tanto as familias como os sectores produtivos e o emprego se puideren manter sen deixar a ninguén atrás. Cando estabamos remontando esta crise, a invasión do exército ruso de Putin a Ucraína, veu marcar unha nova etapa, agravando a situación de inflación previa derivada da saída da crise coa consecuente suba de prezos da enerxía en toda Europa, impactando novamente nas economías domésticas, na competitividade das empresas e na industria, nos mercados globais e sobre o crecemento económico a medio e longo prazo, cun incremento do IPC interanual en xuño de 2023 que chegou ao 11,1 en Galicia, case un punto máis que no Estado (10,2).

Ante esta realidade, o Goberno do Estado socialista aprobou inmediatamente os reais decretos-lei 6/2022 e 11/2022 con medidas que supuxeron máis de





15.000 millóns de euros para paliar os efectos desta realidade socioeconómica, entre elas, o incremento nun 15 % do Ingreso Mínimo Vital e das pensións non contributivas, a creación dun bono social de 200 €, unha nova rebaixa dos impostos aos combustibles, establecendo un límite dun 2 % ao incremento dos alugueres, incrementando o bono eléctrico para máis familias, a rebaixa dun 0,20 céntimos /litro nos combustibles ou coa aprobación do bono aluguer mozo, que supón 235 €/mes para as persoas menores de 35 anos.

Durante este tempo, o ex-presidente Feijóo e o actual presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, dedicaron os seus esforzos a criticar as medidas postas en marcha polo Goberno de Pedro Sánchez no canto de coadxuvar coa posta en marcha de medidas inmediatas e eficaces para que ninguén quede atrás en Galicia. Sendo a primeira medida de calado tomada polo actual presidente do executivo retirar a tarxeta básica que daba cobertura a 75.000 familias galegas, anunciar o bono alugueiro mozo posto en marcha polo Estado ou a posta en marcha dun programa de fomento da mobilidade sustentable destinando 500.000 euros en axudas para a adquisición de bicicletas eléctricas.

Asemade, fronte o apoio do Goberno do Estado, no momento actual Galicia lidera o incremento da inflación. O pasado 13 de agosto de 2024 o Instituto Galego de Estatística publicaba o Informe sobre as variacións nos índices de prezos de consumo cos datos definitivos correspondentes ao mes de xullo de 2024. Como vén sendo habitual, Galicia rexistra unha taxa superior á do Estado español Así, fronte a un 2,8 % estatal, Galicia rexistraba un aumento de tres décimas máis, situándose no 3,1 %, Así mesmo, é preocupante que unha vez máis a inflación subxacente é tamén superior á rexistrada no Estado. Galicia é a única comunidade autónoma no que a inflación segue a crecer nos derradeiros catro meses de maneira constante.

Unha situación que afecta ás familias en xeral, pero cébase especialmente coas familias máis vulnerables e con determinados sectores produtivos e, xa





que logo, volve ser preciso o compromiso e impulso necesario por parte de todas as administracións, que deben adoptar medidas que supoñan minimizar o impacto desa situación que están a padecer as familias, as persoas autónomas e as empresas.

Respecto ao bono social eléctrico como medida de protección social, o artigo 10 da Real decreto-lei 18/2022, do 18 de outubro, recolle a aplicación temporal do bono social de electricidade aos fogares con baixos ingresos particularmente afectados pola crise enerxética. O Goberno tamén ampliou as axudas do bono social para protexer aos consumidores vulnerables. Estas medidas estarán vixentes ata o 30 de xuño de 2025.

Tamén, o bono social térmico é unha axuda económica implementada polo goberno español en 2018, destinada a apoiar aos consumidores vulnerables cos seus gastos de calefacción, auga quente e cociña. Este bono actúa como un complemento ao bono social eléctrico e outórgase automaticamente a aqueles que xa son beneficiarios do devandito bono, sen necesidade de realizar trámites adicionais. Consiste nun pago único anual que se ingresa directamente na conta bancaria onde o consumidor ten domiciliada a súa factura eléctrica.

Mentres, a Xunta de Galicia eliminou o bono social térmico aducindo que as facturas baixaron. Unha tendencia que aproveita o Goberno galego para eliminar unha axuda que chegaba a máis de 80.000 familias, deixando o Goberno galego ós máis vulnerables sempre atrás, mentres seguen a baixar os impostos ás rendas e patrimonios máis altos que non favorecen á xente do común.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:41:14
Nº Rexistro: 17020
Data envío: 13/01/2025 13:41:14.366

Considera a Xunta de Galicia necesario recuperar o complemento autonómico ao bono social térmico que se suprimiu recentemente para paliar os problemas de risco de pobreza e exclusión social que sofre o 25,5 % da poboación galega e que recibían unhas 82.000 familias?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 12:14:08

Julio Abalde Alonso na data 13/01/2025 12:14:16

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2025 12:14:24

Lara Méndez López na data 13/01/2025 12:14:31

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60776

@PSdeG



CSV: BGRISIRBDCzeZdXUuQG-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Por parte do Goberno de España, o total axudas de MITECO para proxectos en transición xusta en Galicia (en resolución definitiva) foi de 111,9 millóns de euros (81,2 millóns de euros As Pontes, 30,6 millóns de euros Meirama), que mobilizará 390 millóns de euros de investimento.

O Fondo de Transición Xusta (FTX) dotado con 111 millóns de euros, busca xerar un impacto económico e social positivo nas zonas afectadas pola denominada transición climática, que se corresponde coa provincia da Coruña, en concreto coas centrais de Meirama e das Pontes, prestando apoio aos territorios e ás persoas traballadoras afectadas e promovendo unha transición socioeconómica equilibrada.

As pemes son as principais destinatarias, sendo o obxectivo identificar grandes proxectos que impulsen as iniciativas desas pequenas e medianas empresas para, de modo conxunto, conformar un plan de desenvolvemento territorial sostible.

A pesar do apoio do Goberno de España coas comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama, con especial apoio á xeración de postos de traballo para colectivos de interese, a falta de apoio do Goberno galego coas zonas afectadas é un feito a día de hoxe.





Nunha nota de prensa do 14 de xuño de 2023 o anterior director do Igape e a anterior secretaria xeral de Industria, que participaron no Comité de Política Industria da Xunta de Galicia, afirmaban que durante os próximos meses estaba prevista a posta en marcha de distintas liñas do FTX.

Así, os representantes autonómicos subliñaron que Galicia era a comunidade que máis avanzada está nos trámites de desenvolvemento do fondo.

Pois ben, logo dese anuncio o Goberno galego deses 111 millóns de euros do FTX, que son xestionados directamente pola Xunta de Galicia (para A Coruña, o 12,82 % do FTX para España) convocouse en maio de 2024 (logo dun ano) a convocatoria de axudas do FTX para impulsar a mellora da sustentabilidade enerxética no sector industrial da provincia da Coruña. Achegas cuxo importe ascende a 7 millóns de euros que serán financiados co Fondo de Transición Xusta.

Asemade, a pesar do retraso no ano 2024 da convocatoria polo Goberno autonómico das axudas do FTX xestionadas directamente pola Xunta de Galicia, o pasado 2 de xaneiro de 2025 publicouse no DOG a resolución o INEGA do 20 de decembro de 2024 pola que se declara deserta a convocatoria para o ano 2024 de subvencións para proxectos singulares de mellora da sustentabilidade enerxética en empresas do sector industrial da provincia da Coruña, susceptibles de cofinanciamento pola Unión Europea no marco do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027.

Esta declaración administrativa de deserta da convocatoria de axudas para proxectos singulares para a mellora da sustentabilidade enerxética en empresas do sector industrial da provincia da Coruña, evidencia a falta de planificación, falta de eficiencia e falta de eficacia na xestión das axudas públicas do Fondo de Transición Xusta que son xestionadas directamente pola Xunta de Galicia.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:41:40
Nº Rexistro: 17021
Data envío: 13/01/2025 13:41:40,491

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cando ten previsto o Goberno galego convocar todas as diferentes liñas de subvencións públicas do Fondo de Transición Xusta para favorecer ás comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama?

Santiago de Compostela, 13 de Xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 12:15:45

Julio Abalde Alonso na data 13/01/2025 12:15:49

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2025 12:15:57

Lara Méndez López na data 13/01/2025 12:16:06





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

En aplicación da Lei 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) e de conformidade co seu artigo 15, o Consello de Ministros aprobou, o pasado 12 de decembro de 2023, o Acordo polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das administracións públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2024-2026, así como o límite de gasto non financeiro dos orzamentos do Estado para 2024.

Este acordo establece un obxectivo de déficit para todas as administracións do Estado do 3 % do PIB en 2024 (2,7 % en 2025 e 2,5 % en 2026). Un acordo e uns obxectivos, lembremos, que foron aprobados por Bruxelas.

O documento, que recibiu o visto e praxe de Bruxelas, recolle o obxectivo do 3 % de déficit distribuído por subsectores dun xeito máis estrito para as comunidades autónomas e entidades locais, esixindo ás comunidades autónomas equilibrio orzamentario e ás entidades locais un superávit orzamentario de +0,2 %.

O Goberno de España tentou durante estes anos de goberno dar maior marxe de financiamento ás comunidades autónomas, que son as que garanten o estado do benestar. Son as competentes en prestar os servizos públicos básicos de sanidade, educación e protección social. E, neste mesmo sentido,





aprobouse unha senda de estabilidade que supón unha flexibilidade nos obxectivos para as comunidades autónomas e entidades locais.

Deste xeito, fronte ao obxectivo inicial de equilibrio orzamentario para todas as comunidades autónomas, propónse un déficit do 0,1 % en 2024, tal e como se propón no Consello de Política Fiscal e Financeira, obtendo informe favorable na súa sesión do 11 de decembro. Nas entidades locais, tal e como propón a Comisión Nacional de Administración Local (CNAL), os concellos e outras entidades locais xa non terían que acadar un superávit do 0,2 % en 2024 e situaríanse en equilibrio orzamentario.

Trátase, polo tanto, dunha marxe adicional para comunidades autónomas e entidades sociais de tres décimas máis, equivalente a máis de 4.570 millóns de euros (4.573,2 millóns), que recae na Administración Xeral do Estado:

- Unha décima máis de marxe para as comunidades autónomas: máis de 1.500 millóns de euros adicionais de marxe orzamentaria.
- Dúas décimas máis de marxe para as entidades locais: máis de 3.000 millóns de euros adicionais de marxe orzamentaria.

Pero a pesar da flexibilidade para comunidades autónomas e entidades locais, que estas medidas significan, o PP tanto no Congreso dos Deputados como no Senado uniu os seus votos cos da extrema dereita ata en 3 ocasións para rexeitar estes acordos, a pesar de que a quen máis prexudica é aos gobernos autonómicos e locais.

O 10 de setembro de 2024, volveu o Consello de Ministros a aprobar os Obxectivos de Estabilidade e débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas durante o período 2025-2027 e fixou o teito de gasto para este ano. Trátase da mesma senda de estabilidade que o Executivo





acordou o pasado 16 de xullo de 2024 que o Congreso dos Deputados non apoiou posteriormente.

Polo tanto, os/as socialistas galegos esiximos ao goberno galego que vele polos intereses dos galegos/as. E a primeira esixencia que reclamamos é a lealdade institucional e a colaboración entre administracións e empresas para traballar todos xuntos e con vontade de cooperación para dar mellores respostas ás necesidades que expoñen os sectores produtivos da nosa sociedade, indicou.

Neste senso, temos que advertir aos galegos/as que o risco que suporía non contar con orzamentos o próximo ano e apelou a todas as forzas políticas a “que acorden e fagan posible as contas que este país necesita. Se non aprobamos o teito de gasto, Galicia perde dunha tacada 422 millóns de euros e alguén llo tería que explicar despois aos galegos e galegas.

É dicir, o PP vota en contra dun acordo do Goberno de España, que prexudica claramente os intereses económicos da nosa Comunidade Autónoma e, polo tanto, dos 2.699.424 de habitantes.

En definitiva, o resultado dun novo rexeitamento de PP e Vox á senda da estabilidade, leva consigo a redución da capacidade de financiamento vía déficit que terán as comunidades autónomas e entidades locais.

Unha redución da capacidade de gasto que terá a Comunidade Autónoma de Galicia nas súas contas públicas, xa que agora terán que pasar a contemplar nelas un equilibrio orzamentario para 2024, fronte a marxe inicial de 0,1 % de déficit. Unha situación que prexudicará claramente á cidadanía de Galicia.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:42:16
Nº Rexistro: 17023
Data envío: 13/01/2025 13:42:16.554

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Amosa o Goberno galego o seu apoio ao derradeiro Acordo de Goberno de España polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das administracións públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2024-2026?
2. Vai Goberno galego a informar sobre os prexuizos económicos do boicot do PP en Madrid á senda da estabilidade nos orzamentos galegos?
3. Vai o Goberno galego a explicar no Parlamento galego porque o Partido Popular apoia conceder menos capacidade de gasto nas competencias que son propias das comunidades autónomas, e que repercuten no benestar da cidadanía e no tecido produtivo no noso país?

Santiago de Compostela, 13 de Xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 12:18:02

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2025 12:18:14

Julio Abalde Alonso na data 13/01/2025 12:18:22

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60783

@PSdeG



CSV: BGRISJTBQ3RZaZNVWQ-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A día de hoxe, falando de inclusión e apoio ao estudantado máis necesitado, posiblemente sexa un dos poucos aspectos que xeran consenso entre os diferentes grupos políticos e comunidades educativas. Aínda que é evidente que existen diferencias na maneira de aplicar as medidas de apoio.

Unha parte importante para o desenvolvemento da Educación, inclusiva e axudando aos nenos e nenas con carencias e que necesitan un apoio extra, son os recursos de profesores e tamén dos departamentos de orientación. Orientación, que conxuntamente con outros profesionais, son os encargados de atender ao alumnado con necesidades especiais; como por exemplo profesionais de Audición e Linguaxe (AL). Sen unha dotación adecuada de estes profesionais o apoio non deixa de ser un papel mollado e hoxe, a dotación é claramente insuficiente.

Como consecuencia da redución dos recursos humanos por parte de Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Coristanco, e concretamente no CEIP CANOSA-RUS, non deixa de estar ao marxe da situación descrita; xa que na actualidade o profesional AL ten só asignado 19 horas cando en realidade hai alumnado suficiente que necesitaría apoio deste profesional a tempo completo ou varios profesionais a tempo parcial dificulta a mellora e o avance das nenas e nenos desde centro.





A situación agrávase ante a falta deste profesional AL a tempo completo, xa que require unha maior dedicación por parte do profesorado ao alumnado con dificultades especiais, o que repercute tamén na atención ao demais alumnado.

Por outro lado, e no mesmo centro CEIP CANOSA-RUS, o Grupo Municipal Socialista tivo coñecemento dunha falta de mantemento múltiple, incluso con defectos estruturais no edificio que provoca a entrada de auga no centro; medidas que foros trasladadas en máis dunha ocasión ao Concello e que continuamente fan caso omiso dende finais do curso pasado.

Motivo pola cal e tendo en conta a cantidade das deficiencias que presenta o centro, é motivo de que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade poña os recursos necesarios e actúe de inmediato.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai dotar a Xunta de Galicia dos recursos necesarios para aumentar de persoal especializado e profesionais de Audición e Linguaxe a xornada completa para que no CEIP CANOSA-RUS neste curso 24/25, poidan dar apoio ao alumnado con necesidades especiais que permita a verdadeira integración destes nenos e nenas?
2. Pensa o Goberno galego dotar de recursos humanos e materiais necesarios para realizar os traballos de mellora/mantemento nas instalacións do CEIP CANOSA-RUS, comunicados e rexistrados no Concello tras o Consello Escolar a maior brevidade?

Santiago de Compostela, 13 de Xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:42:58
Nº Rexistro: 17025
Data envío: 13/01/2025 13:42:58,007

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 12:20:36

Julio Abalde Alonso na data 13/01/2025 12:20:46

Silvia Longueira Castro na data 13/01/2025 12:20:54

CSV: B6P5T8B9L6Z65fM6J54
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /



981.55.15.30

60786

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e María Elena Espinosa Mangana, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O Consello de Contas ano tras ano vén advertindo que a execución orzamentaria dos fondos europeos está por debaixo do 50 %, de forma sistemática. Quedan sen executar 5,5 euros de cada dez que se programan e chegan a pagarse 3 de cada 10 euros que se presupostan. Dos 448 proxectos con fondos europeos xestionados pola Comunidade Autónoma case 4 de cada 10 non tiveron ningún pago no exercicio.

No tocante aos instrumentos de gobernanza dos fondos de recuperación resulta paradóxica a confusión existente no actual esquema de xestión dos fondos europeos en Galicia, e a adición dunha nova rede de xestión a un esquema actualmente carente de ningunha coordinación dada a inexistencia de estruturas de coordinación, dado que o Comité de Fondos Europeos da Xunta de Galicia está practicamente inédito desde a súa creación.

Por outra banda, por parte do Goberno galego hai unha nula vontade de xestión compartida dos fondos europeos. Cando reclama á Administración Xeral do Estado a participación na xestión dos fondos europeos, cumpriría lembrar o historial da Xunta de Galicia neste eido e a nula vontade autonómica de dar participación ás entidades locais de Galicia na xestión dos fondos europeos.

Sobre o total dos fondos europeos percibidos por Galicia o recibido polos concellos representa menos do 2 % do total, fronte ao 6,16 % que representaba en 2016. Desde o ano 2014 a participación dos concellos de





Galicia na xestión dos fondos europeos asignados á Comunidade Autónoma reduciuse un 64,1 %.

Asemade, o pasado 24 de setembro de 2022 o Pleno do Consello de Contas aprobaba o Informe de Fiscalización Fondos Europeos. Exercicio 2022, fiscalización ordinaria incluída no programa anual de traballo de 2023.

Unha vez máis, o órgano fiscalizador emite un informe demoledor sobre a falta de planificación e execución do Goberno galego e o desaproveitamento de fondos vitais para o desenvolvemento económico e social de Galicia como son os europeos. Este informe ten como finalidade proporcionar ao Parlamento Galego e á sociedade un informe no que se exprese o desenvolvemento da execución orzamentaria dos fondos por parte das entidades e organismos que dispoñen destes, a identificación dos fondos europeos percibidos polos organismos xestores e a execución dos orzamentos de ingresos, realizándose unha análise final dos diversos beneficiarios e receptores finais das distintas modalidades de fondos europeos identificadas.

Cómpre recordar, así mesmo, que este informe atópase encadrado no novo marco financeiro europeo 2021 - 2027, o segundo deste marco, que xa comezou con importantes eivas froito do retraso na aprobación do novo regulamento do marco financeiro actual por mor das sucesivas crises: sanitaria, financeira e enerxética, tal como recolle o Consello de Contas.

Así mesmo, é preciso sinalar que aínda hai execucións en marcha do período anterior. Aínda que este informe presenta menos limitacións ao alcance do que outros recentes, como o do sobrecusto do Álvaro Cunqueiro, cómpre sinalar que o Consello observa diferentes deficiencias.

Por exemplo, salienta que as entidades evidenciaron unha falta de protocolos documentais comúns que permitan unha análise comparativa e homoxénea da información facilitada por cada un deles; que a denominación das modalidades de financiamento de fondos europeos relacionadas na base de datos 2022,





Contas da Administración Xeral, difire da recollida na táboa Xumco 2022; non existe un estado contable da Xunta de Galicia e os seus organismos autónomos e entes públicos que reflicta de forma consolidada a execución ou que non existe un procedemento que permita á Xunta o seguimento da participación dos seus organismos ou entes en proxectos cofinanciados con fondos da Unión Europea cuxo orixe de transferencias sexa distinto do da propia Administración autonómica.

En definitiva, o Consello de Contas conclúe un retraso considerable xeral na execución efectiva dos proxectos europeos do novo marco 2021-2027, o que comporta a necesidade de efectuar reasignacións financeiras dende o exercicio 2021 a exercicios posteriores.

O Consello sinala un atraso global na planificación, que impide a nivel de toda a UE que as axudas estean chegando de maneira efectiva á economía real, o que certifica a lectura que no seu día fixo o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego como uns fondos mal enfocados.

Aínda así, amosa marxe de mellora para o Goberno galego. Cómpre destacar que, relacionando a execución dos fondos europeos coa execución xeral do orzamento da Comunidade, no exercicio 2022 mantense a tendencia histórica de diferenciais negativos; chegando neste exercicio a ser esta desfavorable para os Fondos Europeos en relación coa execución xeral en fase de obrigas de -43,44 % e en fase de pagamentos de -49,27 %.

Por outra banda, a execución xeral da Comunidade Autónoma nas fases “O” e “P” ambas as dúas sobre o crédito definitivo foi de 90,79 % e 82,45 % respectivamente, fronte ao 47,34 % e 33,18 % destes mesmos rateos nos fondos europeos. Así, o Consello sinala literalmente que:

“Os índices de execución xeral avaliados amosan que cómpre adoptar medidas para axilizar con prontitude a xestión do novo marco 2021-2027. Deben terse en conta os retrasos xa acumulados, e que o financiamento europeo xestionado é o maior da serie histórica como consecuencia das crises





económica, enerxética e sanitaria. Estas medidas deberán ser adoptadas entre todos os axentes intervenientes na execución dos proxectos, co obxectivo de que o financiamento europeo teña un impacto real na economía, a prol do tecido produtivo e da cidadanía que son os beneficiarios últimos dos recursos europeos.”

É preciso, polo tanto, que o Goberno galego faga propósito de emenda e impulse as recomendacións do Consello e outras medidas para garantir que se corrixe a falta de planificación e execución do goberno galego e o desaproveitamento de fondos vitais para o desenvolvemento económico e social de Galiza como son os europeos.

Por estes motivos, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai o Goberno galego a aprobar unha estratexia global na xestión e coordinación dos diferentes tipos de fondos europeos, que recaía nun organismo público único de xestión de fondos europeos de Galicia, con participación das entidades locais de Galicia a través da Fegamp?
2. Que medidas ou decisións organizativas vai a adoitar a Xunta de Galicia que impliquen unha mellor coordinación, eficiencia e xestión dos tódolos fondos europeos que recibe o Goberno galego?
3. Que vai facer o Goberno galego ante a discordancia canto ás denominacións entre a base de datos de 2022 da Conta Xeral e Xumco?
4. Vai impulsar accións conducentes a que exista un estado contable da Xunta e os seus organismos autónomos e entes públicos que reflicta de forma consolidada a execución?
5. Vai o Goberno galego seguir sen abordar a falta de transferencia de fondos europeos aos concellos galegos?

Santiago de Compostela, 13 de Xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:43:42
Nº Rexistro: 17028
Data envío: 13/01/2025 13:43:42,476

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 12:22:54

Julio Abalde Alonso na data 13/01/2025 12:23:01

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2025 12:23:10

CSV: BGPSIB9CZH0aXWk0-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

60791

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana, Julio Ernesto Abalde Alonso e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

O procedemento de concesión directa de axudas públicas- a través de convenio de colaboración- é un procedemento enteiramente excepcional, porque afecta ao principio de igualdade de trato dos eventuais concellos





galegos beneficiarios, e no que se debe xustificar tanto no expediente administrativo como no texto mesmo do convenio as causas obxectivas que xustifican a dificultade de promover a concorrência ou a singularidade da subvención.

Os derradeiros datos reflectidos no Diario Oficial de Galicia, respecto á publicidade cuadrimestral dos convenios de concesión directa de subvencións a entidades locais galegas amosan datos que preocupan moito ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, xa que se evidencia que se prima e beneficia nunha porcentaxe moi elevada aos concellos galegos gobernados polo Partido Popular en detrimento de entidades galegas gobernadas por outros partidos políticos.

Esta forma de proceder das distintas entidades do sector público autonómico-consellerías, Augas de Galicia, Axencia Galega de Infraestruturas etc- conculca os principios que se consagran no artigo 5 da Lei galega de subvencións como é o de igualdade de trato e non discriminación entre as entidades locais galegas, que deben recibir do Goberno galego un trato equitativo e con base a criterios obxectivos no reparto de subvencións públicas.

Ao anterior, debemos sumar que o financiamento local ten un problema moi grave a nivel estrutural, derivado do inmovilismo financeiro do Goberno galego, que contrasta coa crecente atribución de novas competencias en orixe autonómicas, ou o incremento do requirimento das propias aos concellos. Tentar solucionar o problema a base de fondos finalistas, sen modificar o actual marco estrutural do financiamento local por parte do goberno Galego, abocará ás entidades locais a sufrir unha nova crise nas arcas locais, como xa sucedeu a partir do ano 2008, e que se arrastrou durante un importante número de anos.

O Fondo de Cooperación Local da Comunidade Autónoma de Galicia acadou neste ano 2023 o maior nivel de condicionamento dende a súa creación, o que





é contrario ao espírito polo que naceu no ano 2000 por acordo da Comisión Galega de Cooperación Local, no que se especificaba expresamente o seu carácter incondicionado. De feito, e acadando a cifra máis alta dos últimos anos, haberá concellos que percibirán unha cantidade inferior respecto ao ano anterior, froito da conxelación producida do Fondo Base dende o ano 2010, unido a que a liquidación que se percibirá este ano é inferior a do ano previo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego dos convenios de colaboración de concesión directa de subvencións que asinaron as consellerías e as entidades do sector público autonómico con determinados concellos galegos nos últimos anos?
2. Cales foron os criterios obxectivos de xustificación da imposibilidade de promover a concorrência pública que motivaron as consellerías e as entidades do sector público autonómico para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos nos derradeiros anos e non con outros?
3. Considera o Goberno galego que a sinatura destes convenios con determinados concellos favorece o reequilibrio territorial na nosa comunidade?
4. Que motivos obxectivos hai para fundamentar que a maior parte dos convenios de concesión directa de subvencións directas a concellos galegos -sen concorrência e publicidade- favorecen aos concellos gobernados polo Partido Popular de Galicia?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:44:56
Nº Rexistro: 17030
Data envío: 13/01/2025 13:44:56,336

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 12:25:30

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2025 12:25:39

Julio Abalde Alonso na data 13/01/2025 12:25:56

Paloma Castro Rey na data 13/01/2025 12:26:03

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

60795

@PSdeG



CSV: BGPISIRBQ/RZb8XZagG4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana, Julio Ernesto Abalde Alonso e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

A Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

O procedemento de concesión directa de axudas públicas- a través de convenio de colaboración- é un procedemento enteiramente excepcional, porque afecta ao principio de igualdade de trato dos eventuais concellos





galegos beneficiarios, e no que se debe xustificar tanto no expediente administrativo como no texto mesmo do convenio as causas obxectivas que xustifican a dificultade de promover a concorrência ou a singularidade da subvención.

Os derradeiros datos reflectidos no Diario Oficial de Galicia, respecto á publicidade cuadrimestral dos convenios de concesión directa de subvencións a entidades locais galegas amosan datos que preocupan moito ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, xa que se evidencia que se prima e beneficia nunha porcentaxe moi elevada aos concellos galegos gobernados polo Partido Popular en detrimento de entidades galegas gobernadas por outros partidos políticos.

Esta forma de proceder das distintas entidades do sector público autonómico-consellerías, Augas de Galicia, Axencia Galega de Infraestruturas etc- conculca os principios que se consagran no artigo 5 da Lei galega de subvencións como é o de igualdade de trato e non discriminación entre as entidades locais galegas, que deben recibir do Goberno galego un trato equitativo e con base a criterios obxectivos no reparto de subvencións públicas.

Ao anterior, debemos sumar que o financiamento local ten un problema moi grave a nivel estrutural, derivado do inmovilismo financeiro do Goberno galego, que contrasta coa crecente atribución de novas competencias en orixe autonómicas, ou o incremento do requirimento das propias aos concellos. Tentar solucionar o problema a base de fondos finalistas, sen modificar o actual marco estrutural do financiamento local por parte do goberno Galego, abocará ás entidades locais a sufrir unha nova crise nas arcas locais, como xa sucedeu a partir do ano 2008, e que se arrastrou durante un importante número de anos.

O Fondo de Cooperación Local da Comunidade Autónoma de Galicia acadou neste ano 2023 o maior nivel de condicionamento dende a súa creación, o que



é contrario ao espírito polo que naceu no ano 2000 por acordo da Comisión Galega de Cooperación Local, no que se especificaba expresamente o seu carácter incondicionado. De feito, e acadando a cifra máis alta dos últimos anos, haberá concellos que percibirán unha cantidade inferior respecto ao ano anterior, froito da conxelación producida do Fondo Base dende o ano 2010, unido a que a liquidación que se percibirá este ano é inferior a do ano previo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego dos convenios de colaboración de concesión directa de subvencións que asinaron as consellerías e as entidades do sector público autonómico con determinados concellos galegos nos últimos anos?
2. Cales foron os criterios obxectivos de xustificación da imposibilidade de promover a concorrência pública que motivaron as consellerías e as entidades do sector público autonómico para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos nos derradeiros anos e non con outros?
3. Considera o Goberno galego que a sinatura destes convenios con determinados concellos favorece o reequilibrio territorial na nosa comunidade?
4. Que motivos obxectivos hai para fundamentar que a maior parte dos convenios de concesión directa de subvencións directas a concellos galegos -sen concorrência e publicidade- favorecen aos concellos gobernados polo Partido Popular de Galicia?

Santiago de Compostela, **Á MESA DO PARLAMENTO**





Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana, Julio Ernesto Abalde Alonso e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

O procedemento de concesión directa de axudas públicas- a través de convenio de colaboración- é un procedemento enteiramente excepcional, porque afecta ao principio de igualdade de trato dos eventuais concellos galegos beneficiarios, e no que se debe xustificar tanto no expediente





administrativo como no texto mesmo do convenio as causas obxectivas que xustifican a dificultade de promover a concorrência ou a singularidade da subvención.

Os derradeiros datos reflectidos no Diario Oficial de Galicia, respecto á publicidade cuadrimestral dos convenios de concesión directa de subvencións a entidades locais galegas amosan datos que preocupan moito ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, xa que se evidencia que se prima e beneficia nunha porcentaxe moi elevada aos concellos galegos gobernados polo Partido Popular en detrimento de entidades galegas gobernadas por outros partidos políticos.

Esta forma de proceder das distintas entidades do sector público autonómico-consellerías, Augas de Galicia, Axencia Galega de Infraestruturas etc- conculca os principios que se consagran no artigo 5 da Lei galega de subvencións como é o de igualdade de trato e non discriminación entre as entidades locais galegas, que deben recibir do Goberno galego un trato equitativo e con base a criterios obxectivos no reparto de subvencións públicas.

Ao anterior, debemos sumar que o financiamento local ten un problema moi grave a nivel estrutural, derivado do inmovilismo financeiro do Goberno galego, que contrasta coa crecente atribución de novas competencias en orixe autonómicas, ou o incremento do requirimento das propias aos concellos. Tentar solucionar o problema a base de fondos finalistas, sen modificar o actual marco estrutural do financiamento local por parte do Goberno Galego, abocará ás entidades locais a sufrir unha nova crise nas arcas locais, como xa sucedeu a partir do ano 2008, e que se arrastrou durante un importante número de anos.

O Fondo de Cooperación Local da Comunidade Autónoma de Galicia acadou neste ano 2023 o maior nivel de condicionamento dende a súa creación, o que é contrario ao espírito polo que naceu no ano 2000 por acordo da Comisión





Galega de Cooperación Local, no que se especificaba expresamente o seu carácter incondicionado. De feito, e acadando a cifra máis alta dos últimos anos, haberá concellos que percibirán unha cantidade inferior respecto ao ano anterior, froito da conxelación producida do Fondo Base dende o ano 2010, unido a que a liquidación que se percibirá este ano é inferior a do ano previo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego dos convenios de colaboración de concesión directa de subvencións que asinaron as consellerías e as entidades do sector público autonómico con determinados concellos galegos nos últimos anos?
2. Cales foron os criterios obxectivos de xustificación da imposibilidade de promover a concorrência pública que motivaron as consellerías e as entidades do sector público autonómico para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos nos derradeiros anos e non con outros?
3. Considera o Goberno galego que a sinatura destes convenios con determinados concellos favorece o reequilibrio territorial na nosa comunidade?
4. Que motivos obxectivos hai para fundamentar que a maior parte dos convenios de concesión directa de subvencións directas a concellos galegos -sen concorrência e publicidade- favorecen aos concellos gobernados polo Partido Popular de Galicia?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:46:38
Nº Rexistro: 17032
Data envío: 13/01/2025 13:46:38,696

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 12:26:29

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2025 12:26:37

Julio Abalde Alonso na data 13/01/2025 12:26:49

Paloma Castro Rey na data 13/01/2025 12:26:58

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

60802

@PSdeG



CSV: BGRSTB9GaoZm6r6pUG-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso, Lara Méndez López e María Elena Espinosa Mangana, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

A creación en Ferrol dun Centro Tecnolóxico que investigue sobre enerxías mariñas e enerxía eólica offshore, promovido polas administracións públicas (Goberno de España, Xunta de Galicia, deputación e concello) xunto ás empresas do sector naval e enerxético de Galicia foi unha reivindicación expresada polos membros do Foro Enerxético de Galicia en setembro de 2019 despois de realizar unha análise das posibles localizacións, concluíndo que Ferrol é o punto máis axeitado para esta infraestrutura debido a que xa existe unha infraestrutura como o edificio do Centro de Investigación e Servizos da Cabana, que podería albergar inicialmente as actividades, sen precisar dun gasto elevado inmediato; que a comarca de Ferrolterra dispón dunha ampla liña de costa, polo que non se precisarían grandes desprazamentos para a reprodución das condicións reais de mareas, ondas, ventos e pola proximidade do Porto Exterior de Punta Langosteira, na Coruña; ademais de existir unha infraestrutura de investigación moi consolidada, como son as escolas de enxeñería de Esteiro, os graos universitarios e mestrados de enxeñería eléctrica, enxeñería industrial, enxeñería naval e enerxías renovables, que son referentes nacionais en docencia e a existencia dunha infraestrutura de referencia como o Canal de Experiencias Hidrodinámicas do Campus de Esteiro, así como o know how neste tipo de instalacións adquirido durante os últimos anos por parte das factorías de Navantia en Fene e Ferrol e a potente infraestrutura de empresas auxiliares, servizos de enxeñería e un sector empresarial centrado neste tipo de tecnoloxías.





O 22 de decembro de 2021 o alcalde de Ferrol, Ángel Mato, reuniuse coa directora xeral de Planificación Enerxética da Xunta de Galicia, Paula Uría, e coa directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN), Patricia Arguerey, para presentarlle as conclusións do estudo promovido polo concello para a creación dun hub de eólica mariña na cidade; e na que se acordou traballar nunha folla de ruta en colaboración con empresas e elaborar un plan de incentivos e axudas, ademais de crear un centro de innovación e investigación no CIS da Cabana para avanzar en tecnoloxías relacionadas coa xeración eólica offshore, acordando aproveitar o impulso da eólica mariña en Ferrol para beneficio do sector industrial de Galicia; fixando unha nova reunión para xaneiro co fin de que a Xunta de Galicia presentase un documento coas liñas mestras do proxecto hub.

O 27 de xaneiro de 2022 na información aos medios que colga a Xunta de Galicia sobre os acordos do Consello da Xunta de Galicia infórmase de que “este ano o Goberno galego prevé a posta en funcionamento dun polo de emprendemento no rural” no Concello de Ferrol e nas declaracións feitas polo ex-presidente Feijóo despois da reunión do Goberno galego, avalaba este compromiso.

O 21 de decembro de 2022 a Comisión Europea aprobou o programa de transición Xusta de España, que inclúe o Plan Territorial de Transición Xusta, coas tipoloxías de actuacións elixibles para executar os 868 millóns de euros (a Galicia correspóndenlle 111.380.018 €), dos que o 96 % será xestionado polas comunidades autónomas. Entre os exemplos de actuacións que se van desenvolver en cada territorio acordado entre as distintas administracións, cítase como apoio á descarbonización da industria, entre outros, a creación dun polo de I+D en renovables mariñas e almacenamento.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:47:06
Nº Rexistro: 17033
Data envío: 13/01/2025 13:47:06.853

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai o Goberno galego a iniciar no ano 2025 a posta en marcha do polo de emprendemento de I+D en enerxías renovables e almacenamento en Ferrol, tal e como se tiña comprometido o ex presidente Feijóo?

Santiago de Compostela, **Á MESA DO PARLAMENTO**

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana, Julio Ernesto Abalde Alonso e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán





conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

O procedemento de concesión directa de axudas públicas- a través de convenio de colaboración- é un procedemento enteiramente excepcional, porque afecta ao principio de igualdade de trato dos eventuais concellos galegos beneficiarios, e no que se debe xustificar tanto no expediente administrativo como no texto mesmo do convenio as causas obxectivas que xustifican a dificultade de promover a concorrência ou a singularidade da subvención.

Os derradeiros datos reflectidos no Diario Oficial de Galicia, respecto á publicidade cuatrimestral dos convenios de concesión directa de subvencións a entidades locais galegas amosan datos que preocupan moito ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, xa que se evidencia que se prima e beneficia nunha porcentaxe moi elevada aos concellos galegos gobernados polo Partido Popular en detrimento de entidades galegas gobernadas por outros partidos políticos.

Esta forma de proceder das distintas entidades do sector público autonómico- consellerías, Augas de Galicia, Axencia Galega de Infraestruturas etc- conculca os principios que se consagran no artigo 5 da Lei galega de subvencións como é o de igualdade de trato e non discriminación entre as entidades locais galegas, que deben recibir do Goberno galego un trato equitativo e con base a criterios obxectivos no reparto de subvencións públicas.

Ao anterior, debemos sumar que o financiamento local ten un problema moi grave a nivel estrutural, derivado do inmovilismo financeiro do Goberno galego, que contrasta coa crecente atribución de novas competencias en orixe autonómicas, ou o incremento do requirimento das propias aos concellos.





Tentar solucionar o problema a base de fondos finalistas, sen modificar o actual marco estrutural do financiamento local por parte goberno Galego, abocará ás entidades locais a sufrir unha nova crise nas arcas locais, como xa sucedeu a partires do ano 2008, e que se arrastrou durante un importante número de anos.

O Fondo de Cooperación Local da Comunidade Autónoma de Galicia acadou neste ano 2023 o maior nivel de condicionamento dende a súa creación, o que é contrario ao espírito polo que naceu no ano 2000 por acordo da Comisión Galega de Cooperación Local, no que se especificaba expresamente o seu carácter incondicionado. De feito, e acadando a cifra máis alta dos últimos anos, haberá concellos que percibirán unha cantidade inferior respecto ao ano anterior, froito da conxelación producida do Fondo Base dende o ano 2010, unido a que a liquidación que se percibirá este ano é inferior a do ano previo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego dos convenios de colaboración de concesión directa de subvencións que asinaron as consellerías e as entidades do sector público autonómico con determinados concellos galegos nos últimos anos?
2. Cales foron os criterios obxectivos de xustificación da imposibilidade de promover a concorrência pública que motivaron as consellerías e as entidades do sector público autonómico para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos nos derradeiros anos e non con outros?
3. Considera o Goberno galego que a sinatura destes convenios con determinados concellos favorece o reequilibrio territorial na nosa comunidade?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:47:06
Nº Rexistro: 17033
Data envío: 13/01/2025 13:47:06.853

4. Que motivos obxectivos hai para fundamentar que a maior parte dos convenios de concesión directa de subvencións directas a concellos galegos -sen concorrencia e publicidade- favorecen aos concellos gobernados polo Partido Popular de Galicia?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 12:29:13

Julio Abalde Alonso na data 13/01/2025 12:29:23

Lara Méndez López na data 13/01/2025 12:29:31

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2025 12:29:39

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60808

@PSdeG



CSV: B6P5TRB9L4Z0q/vkUg94
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso, Lara Méndez López e María Elena Espinosa Mangana, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A creación en Ferrol dun Centro Tecnolóxico que investigue sobre enerxías mariñas e enerxía eólica offshore, promovido polas administracións públicas (Goberno de España, Xunta de Galicia, deputación e concello) xunto ás empresas do sector naval e enerxético de Galicia foi unha reivindicación expresada polos membros do Foro Enerxético de Galicia en setembro de 2019 despois de realizar unha análise das posibles localizacións, concluíndo que Ferrol é o punto máis axeitado para esta infraestrutura debido a que xa existe unha infraestrutura como o edificio do Centro de Investigación e Servizos da Cabana, que podería albergar inicialmente as actividades, sen precisar dun gasto elevado inmediato; que a comarca de Ferrolterra dispón dunha ampla liña de costa, polo que non se precisarían grandes desprazamentos para a reprodución das condicións reais de mareas, ondas, ventos e pola proximidade do Porto Exterior de Punta Langosteira, na Coruña; ademais de existir unha infraestrutura de investigación moi consolidada, como son as escolas de enxeñería de Esteiro, os graos universitarios e mestrados de enxeñería eléctrica, enxeñería industrial, enxeñería naval e enerxías renovables, que son referentes nacionais en docencia e a existencia dunha infraestrutura de referencia como o Canal de Experiencias Hidrodinámicas do Campus de Esteiro, así como o know how neste tipo de instalacións adquirido durante os últimos anos por parte das factorías de Navantia en Fene e Ferrol e a potente infraestrutura de empresas auxiliares, servizos de enxeñería e un sector empresarial centrado neste tipo de tecnoloxías.





O 22 de decembro de 2021 o alcalde de Ferrol, Ángel Mato, reuniuse coa directora xeral de Planificación Enerxética da Xunta de Galicia, Paula Uría, e coa directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN), Patricia Arguerey, para presentarlle as conclusións do estudo promovido polo concello para a creación dun hub de eólica mariña na cidade; e na que se acordou traballar nunha folla de ruta en colaboración con empresas e elaborar un plan de incentivos e axudas, ademais de crear un centro de innovación e investigación no CIS da Cabana para avanzar en tecnoloxías relacionadas coa xeración eólica offshore, acordando aproveitar o impulso da eólica mariña en Ferrol para beneficio do sector industrial de Galicia; fixando unha nova reunión para xaneiro co fin de que a Xunta de Galicia presentase un documento coas liñas mestras do proxecto hub.

O 27 de xaneiro de 2022 na información aos medios que colga a Xunta de Galicia sobre os acordos do Consello da Xunta de Galicia infórmase de que “este ano o Goberno galego prevé a posta en funcionamento dun polo de emprendemento no rural” no Concello de Ferrol e nas declaracións feitas polo ex-presidente Feijóo despois da reunión do Goberno galego, avalaba este compromiso.

O 21 de decembro de 2022 a Comisión Europea aprobou o programa de transición Xusta de España, que inclúe o Plan Territorial de Transición Xusta, coas tipoloxías de actuacións elixibles para executar os 868 millóns de euros (a Galicia correspóndenlle 111.380.018 €), dos que o 96 % será xestionado polas comunidades autónomas. Entre os exemplos de actuacións que se van desenvolver en cada territorio acordado entre as distintas administracións, cítase como apoio á descarbonización da industria, entre outros, a creación dun polo de I+D en renovables mariñas e almacenamento.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:47:48
Nº Rexistro: 17035
Data envío: 13/01/2025 13:47:48,119

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai o Goberno galego a iniciar no ano 2025 a posta en marcha do polo de emprendemento de I+D en enerxías renovables e almacenamento en Ferrol, tal e como se tiña comprometido o ex presidente Feijóo?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 12:30:42

Julio Abalde Alonso na data 13/01/2025 12:30:54

Lara Méndez López na data 13/01/2025 12:31:04

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2025 12:31:19





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Dende o principio desta lexislatura levamos trasladando a este Parlamento as queixas, ao longo de todo o territorio galego, de usuarios e usuarias, así como de colectivos e concellos no relativo ao funcionamento do servizo público de transporte por estrada competencia da Xunta de Galicia: retrasos e reducións de frecuencias horarias, supresión de servizos sen previo aviso, falla de publicidade de horarios, falta de prazas nos autobuses, anuncios de melloras incumpridos, faltas de puntualidade.

Cada vez que interpelamos ao Goberno galego sobre o mal funcionamento do transporte interurbano da súa competencia sempre recibimos a mesma contestación que se trata de problemas puntuais.

Pero a realidade que é moi teimuda desminte estas afirmacións da Xunta de Galicia, xa que as queixas sobre o mal funcionamento sobre o autobús interurbano son constantes ao largo destes últimos anos e ao longo e ancho do territorio galego, polo tanto, non se trata de problemas puntuais no seu funcionamento senón xa de problemas estruturais.

No caso do Concello de Ames, os problemas no transporte público son moi graves en relación coa comunicación con Santiago de Compostela, un asunto que se agrava en horas punta durante o período lectivo e que é unha das cuestións que máis preocupan ao goberno local debido á estreita relación entre Ames e a capital galega.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:48:43
Nº Rexistro: 17037
Data envío: 13/01/2025 13:48:43,353

Ademais, no encontro destacou a importancia de contar cun transporte sanitario que responda ás necesidades das persoas traballadoras do Hospital Clínico que residen no municipio.

Os socialistas destacamos que non se está a exercer un trato igualitario entre concellos, polo que demandamos que a Xunta de Galicia atenda as necesidades de todos os municipios, independentemente de quen governe.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai o Goberno galego reforzar no 2025 con máis autobuses a liña de Ames - Santiago (Bertamiráns e Milladoiro) nos horarios nos que hai máis demanda e se amplíe tamén a frecuencia da liña?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 12:34:08

Carlos López Font na data 13/01/2025 12:34:12

Paloma Castro Rey na data 13/01/2025 12:34:19

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60813

@PSdeG



CSV: B6P5T8D3RZBm@G7-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Xa van máis de 20 anos que nos medios de comunicación se escoita falar da inminente construción do polígono industrial de Coristanco, pero pese a tanto anuncio do PP a día de hoxe seguimos sen ver nin unha soa parcela construída e a disposición das iniciativas empresariais que se puideran ter instalado no concello, cun Partido Popular ao fronte do Goberno local e o Goberno galego que segue a prometer a construción do parque empresarial ano tras ano, sen iniciar a construción dunha infraestrutura indispensable para o futuro de Coristanco e que evite que moitas empresas sigan abandonando o concello por carecer dun espazo acondicionado para desenvolver a súa actividade.

Pese ás oportunidades que están a xurdir nos concellos veciños do eixe A Coruña - Arteixo – A Laracha - Carballo, onde teñen solo industrial á súa disposición e son un dos polos económicos máis importantes de toda Galicia no que podería estar Coristanco se houbera iniciativa e compromiso por parte do Goberno galego, dende o Grupo Parlamentario Socialista moito nos tememos que o PP volverá a usar o polígono industrial da Miñata como mero reclamo electoral, ao igual que leva facendo elección tras elección para condicionar a decisión dos veciños de cara ao próximo proceso de eleccións municipais.





No ano 2019, o PP de Coristanco e o presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo anunciaban como proxecto estrela do seu programa electoral a posta en marcha do dito polígono e case rematado o mandato electoral de 2019 a 2023 vemos que esta promesa quedou en fume, algo que nos tememos que volva suceder neste vindeiro 2023, xa que pese ás promesas dadas, todos puidemos observar como o PP volveu a rexeitar ás emendas do noso grupo aos orzamentos da Xunta para 2023 que pedían aumentar ata 1 millón de euros o insuficiente orzamento da Xunta de Galicia para o dito polígono, que foi de 212.302 euros, unha cantidade surrealista para que se poida tomar en serio unha promesa do PP que segue xogando coas necesidades do tecido empresarial de Coristanco, que necesita da implicación da Administración autonómica para o avance económico-social de todo o concello.

Por outra banda, neste acto propagandista do PP de Coristanco e o Goberno galego no que presentaban o Plan para construír o dito polígono, nin tan sequera foron capaces de convocar a todo o tecido empresarial de Coristanco, xa que fixeron unha convocatoria a uns poucos empresarios que deixou a moitos empresarios e autónomos do concello sen convocar, o que demostra que ao PP só lle interesan uns poucos e non todo o tecido empresarial e social de Coristanco, cunha mostra máis da falla de transparencia e consideración de cara á veciñanza do dito concello.

A Xunta de Galicia adxudicou a principios do 2024 o proxecto de expropiación do parque empresarial de Coristanco da Miñata en Coristanco a Proyectos y Estudios Técnicos de Galicia SL por un importe de 52.000 euros. E dende setembro de 2024 non coñecemos máis avances no proxecto do parque empresarial de Coristanco.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:50:00
Nº Rexistro: 17039
Data envío: 13/01/2025 13:50:00,729

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a previsión temporal do Goberno galego para rematar tramitación do proxecto construción do parque empresarial da Miñata en Coristanco?
2. Ten previsto o Goberno galego que aumente o orzamento dedicado á construción do parque empresarial para o ano 2025 e que a dita infraestrutura sexa unha realidade o antes posible?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 12:36:14

Lara Méndez López na data 13/01/2025 12:36:23





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:50:33
Nº Rexistro: 17041
Data envío: 13/01/2025 13:50:33,792

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

1. Que funcións están desenvolvendo os auxiliares de policía local no Concello da Laracha, de conformidade coa Lei galega de coordinación de policía locais?
2. Nas funcións que veñen desempeñando os auxiliares de policía local en Laracha durante os últimos meses, contaron coa supervisión directa de algún/a titular de policía local da Laracha?
3. Os auxiliares de policía local da Laracha asinaron denuncias e levantaron actas por infraccións?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60817

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:50:33
Nº Rexistro: 17041
Data envío: 13/01/2025 13:50:33,792

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 12:38:10

Paloma Castro Rey na data 13/01/2025 12:38:30

CSV: B6P5T8B9G4Z0M7u6T034
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60818

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

No marco da loita contra o cambio climático ábrese paso con forza o debate acerca da preferencia polo produto local de proximidade nas contratacións públicas.

Hai que facer notar que na Estratexia Nacional de Contratación Pública 2023-2026 (ENCP) aprobada pola Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación (OIRESCON), inclúese como medida específica promover a realización de estudos previos para identificar necesidades, custos e eficiencias (páx. 27) e entre eles, “a elaboración de bases de datos de prezos para sectores como a construción, nas que se inclúan as singularidades existentes en cada territorio autonómico, tales como convenios colectivos que incidan sobre o factor mano de obra ou proximidade de materias primas.”.

Mais en xeral, a ENCP contén unha remisión ao que dispoñan as respectivas estratexias autonómicas, outorgando unha marxe ampla para articularlas segundo as singularidades do mercado existentes en cada territorio autonómico. Identificouse unha tendencia clara na lexislación española favorable á incorporación de cláusulas sobre produto local na contratación pública. Iso prodúcese no marco do Pacto Verde Europeo, motivado fundamentalmente pola imperiosa necesidade de reducir os combustibles fósiles e contribuír a alcanzar as metas de descarbonización fixadas polo Acordo de París.

Nesta liña pode destacarse, por exemplo, a Estratexia Catalá de mellora da compra pública (aprobada por Acord de Govern 171/2022, do 30 de agosto),





cuxo obxectivo operativo 5.4.3 refírese especificamente a “Fomentar a economía de proximidade mediante a contratación pública” (dentro do Eixo 5 Compra pública con dimensión territorial).

Noutras as leis autonómicas de cambio climático atopamos mandatos similares, é dicir, normas que establecen unha transición cara a fontes de enerxía renovables e de proximidade. Caso, por exemplo, da lexislación andaluza de 2018 (art. 1) ou da valenciana de fins de 2022 (art. 1).

Esas regras, moi abundantes xa no sector da alimentación esténdense agora cara a outros ámbitos como son o da construción sostible e o da enerxía. A loita contra o despoboamento e o reto demográfico tamén ofrece variados exemplos (quizais os máis intensos) sobre este tema.

Deste xeito, o dereito da contratación pública adquire unha nova fisionomía: non cambia o debuxo orixinal, pero agora hai xanelas (“habilitacións normativas”) que convidan a transitar por lugares que ata hai pouco tempo resultaban impensables, para potenciar o consumo de produtos galegos de proximidade nas contratacións públicas de servizos de comedor/catering que se liciten polas entidades do sector público autonómico galego.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai o Goberno galego a aprobar no 2025 unha estratexia de contratación pública, para que entre outros obxectivos, se recolla especificamente o de fomentar a economía de proximidade e o consumo de produto local galego nas contratacións públicas das diferentes entidades do sector público autonómico (hospitais, escolas infantís, colexios, residencias de maiores), para así contribuír á transición enerxética e redución do uso de combustíbles fósiles?
2. O Goberno galego vai a aprobar no 2025 que nas contratacións públicas de servizos de comedor, catering ou cafeterías que se liciten polas entidades do sector público autonómico galego, (hospitais, escolas





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:51:05
Nº Rexistro: 17042
Data envío: 13/01/2025 13:51:05.776

infantís, colexios, residencias de maiores), se estableza como criterio de adxudicación ou como condición especial de execución, o uso de consumo de “produto de proximidade”; “produto local”; ou de produto con “circuíto curto de distribución”?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 12:39:56

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2025 12:40:05

Paloma Castro Rey na data 13/01/2025 12:40:12

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60821

@PSdeG



CSV: B6PISJTBCEFRZaYf5qgR-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

No marco da loita contra o cambio climático ábrese paso con forza o debate acerca da preferencia polo produto local de proximidade nas contratacións públicas.

Hai que facer notar que na Estratexia Nacional de Contratación Pública 2023-2026 (ENCP) aprobada pola Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación (OIRESCON), inclúese como medida específica promover a realización de estudos previos para identificar necesidades, custos e eficiencias (páx. 27) e entre eles, “a elaboración de bases de datos de prezos para sectores como a construción, nas que se inclúan as singularidades existentes en cada territorio autonómico, tales como convenios colectivos que incidan sobre o factor mano de obra ou proximidade de materias primas.”.

Mais en xeral, a ENCP contén unha remisión ao que dispoñan as respectivas estratexias autonómicas, outorgando unha marxe ampla para articularlas segundo as singularidades do mercado existentes en cada territorio autonómico. Identificouse unha tendencia clara na lexislación española favorable á incorporación de cláusulas sobre produto local na contratación pública. Iso prodúcese no marco do Pacto Verde Europeo, motivado fundamentalmente pola imperiosa necesidade de reducir os combustibles fósiles e contribuír a alcanzar as metas de descarbonización fixadas polo Acordo de París.

Nesta liña pode destacarse, por exemplo, a Estratexia Catalá de mellora da compra pública (aprobada por Acord de Govern 171/2022, do 30 de agosto),



cuxo obxectivo operativo 5.4.3 refírese especificamente a “Fomentar a economía de proximidade mediante a contratación pública” (dentro do Eixo 5 Compra pública con dimensión territorial).

Noutras as leis autonómicas de cambio climático atopamos mandatos similares, é dicir, normas que establecen unha transición cara a fontes de enerxía renovables e de proximidade. Caso, por exemplo, da lexislación andaluza de 2018 (art. 1) ou da valenciana de fins de 2022 (art. 1).

Esas regras, moi abundantes xa no sector da alimentación esténdense agora cara a outros ámbitos como son o da construción sostible e o da enerxía. A loita contra o despoboamento e o reto demográfico tamén ofrece variados exemplos (quizais os máis intensos) sobre este tema.

Deste xeito, o dereito da contratación pública adquire unha nova fisionomía: non cambia o debuxo orixinal, pero agora hai xanelas (“habilitacións normativas”) que convidan a transitar por lugares que ata hai pouco tempo resultaban impensables, para potenciar o consumo de produtos galegos de proximidade nas contratacións públicas de servizos de comedor/catering que se liciten polas entidades do sector público autonómico galego.

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai o Goberno galego a aprobar no 2025 unha estratexia de contratación pública, para que entre outros obxectivos, se recolla especificamente o de fomentar a economía de proximidade e o consumo de produto local galego nas contratacións públicas das diferentes entidades do sector público autonómico (hospitais, escolas infantís, colexios, residencias de maiores), para así contribuír á transición enerxética e redución do uso de combustibles fósiles?
2. O Goberno galego vai a aprobar no 2025 que nas contratacións públicas de servizos de comedor, catering ou cafeterías que se liciten polas entidades do sector público autonómico galego, (hospitais, escolas





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:51:24
Nº Rexistro: 17043
Data envío: 13/01/2025 13:51:24.573

infantís, colexios, residencias de maiores), se estableza como criterio de adxudicación ou como condición especial de execución, o uso de consumo de “produto de proximidade”; “produto local”; ou de produto con “circuíto curto de distribución”?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 12:41:23

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2025 12:41:32

Paloma Castro Rey na data 13/01/2025 12:41:41

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

60824

@PSdeG



CSV: B6P5TRB3WY2Z8mwlJG-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

Segundo a Asociación de Armadores do Cerco de Galicia (Acerga), o cerco é, ademais, a arte de pesca máis sostible medioambientalmente e que redunda directamente na economía do país.

A Organización Mundial da Saúde, que vai no mesmo sentido que os informes emitidos pola propia Axencia Española de Seguridade e Nutrición, recomenda tres ou máis racións semanais de peixe.

O Goberno galego non parece ter interese por buscar solucións de calado para promocionar o consumo do peixe nin para atallar a alarmante situación da caída de produción marisqueira das nosas rías.

O pulo do Goberno galego polo consumo de peixe galego, podería ser moito maior, fomentando o consumo de peixe do cerco ou de proximidade nas contratacións públicas das distintas entidades do sector público autonómico: comedores dos hospitais públicos, comedores escolares ou de residencias de maiores.

Asemade, no marco da loita contra o cambio climático ábrese paso con forza o debate acerca da preferencia polo produto local de proximidade nas contratacións públicas.

Hai que facer notar que na Estratexia Nacional de Contratación Pública 2023-2026 (ENCP) aprobada pola Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación (OIRESCON), inclúese como medida específica promover a





realización de estudos previos para identificar necesidades, custos e eficiencias (páx. 27) e entre eles, “a elaboración de bases de datos de prezos para sectores como a construción, nas que se inclúan as singularidades existentes en cada territorio autonómico, tales como convenios colectivos que incidan sobre o factor mano de obra ou proximidade de materias primas” .

Mais en xeral, a ENCP contén unha remisión ao que dispoñan as respectivas estratexias autonómicas, outorgando unha marxe ampla para articularlas segundo as singularidades do mercado existentes en cada territorio autonómico. Identificouse unha tendencia clara na lexislación española favorable á incorporación de cláusulas sobre produto local na contratación pública. Iso prodúcese no marco do Pacto Verde Europeo, motivado fundamentalmente pola imperiosa necesidade de reducir os combustibles fósiles e contribuír a alcanzar as metas de descarbonización fixadas polo Acordo de París.

Nesta liña pode destacarse, por exemplo, a Estratexia Catalá de mellora da compra pública (aprobada por Acord de Govern 171/2022, do 30 de agosto), cuxo obxectivo operativo 5.4.3 refírese especificamente a “Fomentar a economía de proximidade mediante a contratación pública” (dentro do Eixo 5 Compra pública con dimensión territorial).

Noutras as leis autonómicas de cambio climático atopamos mandatos similares, é dicir, normas que establecen unha transición cara a fontes de enerxía renovables e de proximidade. Caso, por exemplo, da lexislación andaluza de 2018 (artigo 1) ou da valenciana de fins de 2022 (artigo 1).

Esas regras, moi abundantes xa no sector da alimentación esténdense agora cara a outros ámbitos como son o da construción sostible e o da enerxía. A loita contra o despoboamento e o reto demográfico tamén ofrece variados exemplos (quizais os máis intensos) sobre este tema.

Deste xeito, o Dereito da contratación pública adquire unha nova fisionomía: non cambia o debuxo orixinal, pero agora hai xanelas (“habilitacións





normativas”) que convidan a transitar por lugares que ata hai pouco tempo resultaban impensables, para potenciar o consumo de produtos galegos de proximidade nas contratacións públicas de servizos de comedor/catering que se liciten polas entidades do sector público autonómico galego.

Polo exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai o Goberno galego a aprobar no 2025 unha Estratexia de contratación pública, para que entre outros obxectivos, se recolla especificamente o de fomentar a economía de proximidade e o consumo de produto local galego, nomeadamente o consumo de peixe galego do cerco, nas contratacións públicas das diferentes entidades do sector público autonómico, para así contribuír a aumentar o consumo de peixe fresco e favorecer a transición enerxética, así como a redución do uso de combustibles fósiles?
2. O Goberno galego vai a aprobar no 2025 que nas contratacións públicas dos servizos de comedor dos hospitais públicos, escolares ou residencias de maiores, se estableza como criterio de adxudicación ou como condición especial de execución, o uso de consumo peixe galego do cerco como “produto de proximidade”, ou de produto con “circuíto curto de distribución”?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 12:43:09

Paloma Castro Rey na data 13/01/2025 12:43:18

Julio Abalde Alonso na data 13/01/2025 12:43:30





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:52:04
Nº Rexistro: 17045
Data envío: 13/01/2025 13:52:04.511

Carlos López Font na data 13/01/2025 12:43:37

CSV: B6PIS7B93s20YvZkU-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60828

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo.

Segundo a Asociación de Armadores do Cerco de Galicia (Acerga), o cerco é, ademais, a arte de pesca máis sostible medioambientalmente e que redunda directamente na economía do país.

A Organización Mundial da Saúde, que vai no mesmo sentido que os informes emitidos pola propia Axencia Española de Seguridade e Nutrición, recomenda tres ou máis racións semanais de peixe.

O Goberno galego non parece ter interese por buscar solucións de calado para promocionar o consumo do peixe nin para atallar a alarmante situación da caída de produción marisqueira das nosas rías.

O pulo do Goberno galego polo consumo de peixe galego, podería ser moito maior, fomentando o consumo de peixe do cerco ou de proximidade nas contratacións públicas das distintas entidades do sector público autonómico: comedores dos hospitais públicos, comedores escolares ou de residencias de maiores.

Asemade, no marco da loita contra o cambio climático ábrese paso con forza o debate acerca da preferencia polo produto local de proximidade nas contratacións públicas.

Hai que facer notar que na Estratexia Nacional de Contratación Pública 2023-2026 (ENCP) aprobada pola Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación (OIRESCON), inclúese como medida específica promover a realización de estudos previos para identificar necesidades, custos e eficiencias





(páx. 27) e entre eles, “a elaboración de bases de datos de prezos para sectores como a construción, nas que se inclúan as singularidades existentes en cada territorio autonómico, tales como convenios colectivos que incidan sobre o factor mano de obra ou proximidade de materias primas” .

Mais en xeral, a ENCP contén unha remisión ao que dispoñan as respectivas estratexias autonómicas, outorgando unha marxe ampla para articularlas segundo as singularidades do mercado existentes en cada territorio autonómico. Identificouse unha tendencia clara na lexislación española favorable á incorporación de cláusulas sobre produto local na contratación pública. Iso prodúcese no marco do Pacto Verde Europeo, motivado fundamentalmente pola imperiosa necesidade de reducir os combustibles fósiles e contribuír a alcanzar as metas de descarbonización fixadas polo Acordo de París.

Nesta liña pode destacarse, por exemplo, a Estratexia Catalá de mellora da compra pública (aprobada por Acord de Govern 171/2022, do 30 de agosto), cuxo obxectivo operativo 5.4.3 refírese especificamente a “Fomentar a economía de proximidade mediante a contratación pública” (dentro do Eixo 5 Compra pública con dimensión territorial).

Noutras as leis autonómicas de cambio climático atopamos mandatos similares, é dicir, normas que establecen unha transición cara a fontes de enerxía renovables e de proximidade. Caso, por exemplo, da lexislación andaluza de 2018 (artigo 1) ou da valenciana de fins de 2022 (artigo 1).

Esas regras, moi abundantes xa no sector da alimentación esténdense agora cara a outros ámbitos como son o da construción sostible e o da enerxía. A loita contra o despoboamento e o reto demográfico tamén ofrece variados exemplos (quizais os máis intensos) sobre este tema.

Deste xeito, o Dereito da contratación pública adquire unha nova fisionomía: non cambia o debuxo orixinal, pero agora hai xanelas (“habilitacións normativas”) que convidan a transitar por lugares que ata hai pouco tempo





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:52:17
Nº Rexistro: 17046
Data envío: 13/01/2025 13:52:17.949

resultaban impensables, para potenciar o consumo de produtos galegos de proximidade nas contratacións públicas de servizos de comedor/catering que se liciten polas entidades do sector público autonómico galego.

Polo exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai o Goberno galego a aprobar no 2025 unha Estratexia de contratación pública, para que entre outros obxectivos, se recolla especificamente o de fomentar a economía de proximidade e o consumo de produto local galego, nomeadamente o consumo de peixe galego do cerco, nas contratacións públicas das diferentes entidades do sector público autonómico, para así contribuír a aumentar o consumo de peixe fresco e favorecer a transición enerxética, así como a redución do uso de combustibles fósiles?
2. O Goberno galego vai a aprobar no 2025 que nas contratacións públicas dos servizos de comedor dos hospitais públicos, escolares ou residencias de maiores, se estableza como criterio de adxudicación ou como condición especial de execución, o uso de consumo peixe galego do cerco como “produto de proximidade”, ou de produto con “circuíto curto de distribución”?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 12:43:59

Paloma Castro Rey na data 13/01/2025 12:44:07

Julio Abalde Alonso na data 13/01/2025 12:44:16

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60831

@PSdeG



CSV: B6PISJTBGJHIZkCv4C-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:52:17
Nº Rexistro: 17046
Data envío: 13/01/2025 13:52:17.949

Carlos López Font na data 13/01/2025 12:44:25

CSV: BGPSIBR9G1H2kCv4C-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60832

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

1. Cónstalle ao Goberno galego o expediente completo que tivo que ser elevado para acordo polo Consello da Xunta de Galicia, respecto á constitución e aportación do 30 % da adquisición pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de títulos representativos do capital, cotas ou partes alícuotas da Sociedade de Recursos de Galicia (SRG SA), de conformidade e coa Lei 5/2011, 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia?
2. En que data a Sociedade Impulsa SA, na que Xunta de Galicia ten o 40 % como accionariado, o 38 % Abanca, o 12 % Reganosa e o 10 % Sogama, formou parte do accionariado de SRG? En que data se modificou o seu accionariado respecto a Sociedade Impulsa?
3. En que data un membro do Consello de Administración da Sociedade Impulsa S.A. pasou a formar parte do equipo directivo sociedade da SRG S.A.?
4. Onde figuraba o domicilio social no momento da constitución da SRG S.A.?
5. Canto capital do subscrito na SRG S.A. foi desembolsado ata o momento por parte das 33 empresas privadas que forman parte do capital social, e en que porcentaxe por cada unha delas?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:52:49
Nº Rexistro: 17048
Data envío: 13/01/2025 13:52:49.402

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 12:46:40

Elena Espinosa Mangana na data 13/01/2025 12:46:48

CSV: BGPSJTRBQZa2XK9a0XIG-44
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

60834

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:53:39
Nº Rexistro: 17050
Data envío: 13/01/2025 13:53:39.996

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Os/as socialistas de Galicia queremos facer fronte aos recortes e denunciar publicamente que a Consellería de Educación non está a cumprir coa asignación de profesores de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica, en moitos concellos de Galicia e nos concellos da Costa da Morte. A maioría destes recortes afectan a nenos e nenas con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

O Goberno galego, que ostenta a competencia exclusiva en materia de educación, ten a obriga de garantir a igualdade para todos os nenos e nenas, con ou sen necesidades educativas especiais. Con todo, mentres estas necesidades medran, os recursos non o fan ao mesmo ritmo, mantendo os niveis de hai 10 anos.

A atención a diversidade é fundamental, pero as nais e pais atópanse sempre cunhas medidas esquecidas e ás que só podemos socorrernos ante as carencias dos cativos e as cativas.

Segundo a asociación Paseniño e as ANPAS de Cee, Laxe, Sardiñeiro, O Pindo e Muxía, os centros educativos están a verse especialmente afectados polos recortes, que repercuten directamente na calidade educativa dos seus fillos e das súas fillas.

As familias asegúranos que a situación é insostible, especialmente tendo en conta, por exemplo, que non se cumpre a normativa actual na que ningún curso que tivese entre 20 e 25 alumnos/as no curso pasado podía ter máis dos que





tiña. Que tanto o alumnado repetidor como o alumnado con discapacidade recoñecida conta de maneira especial nestas ratios.

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ten dereito a unha educación inclusiva e de calidade, tal e como se recolle na Orde de 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, publicado no Diario Oficial de Galicia o 26 de outubro de 2021. O que obriga á Xunta de Galicia, con competencias exclusivas en materia educativa, a dotar aos centros educativos dos medios humanos e materiais necesarios para atender ao alumnado con necesidades especiais. Mais o Goberno galego incumpre esa obriga legal. E non é esta unha afirmación teórica, senón unha realidade.

No DOG do 26 de outubro publícase a orde que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. O capítulo V trata sobre os recursos necesarios para garantir a equidade e a inclusión, considerando tanto os recursos de tipo material como os de tipo profesional. Cos recortes en horas de A.L (Audición e Linguaxe) ou que o docente teña que ser compartida con ata 3 centros educativos, non están a cumprir os dereitos dos nenos e nenas da Costa da Morte.

Só na comarca de Bergantiños, e circunscribindonos ao presente curso escolar, atopamos casos que xustifican esta afirmación. Carencias na atención á diversidade afloraron no CEIP Canosa-Rus (Coristanco), no Agra de Leborís (A Laracha) ou no Centro Público Integrado Cabo da Area (Laxe). Mais tamén no CEIP Bergantiños.

O CEIP Bergantiños sitúase no concello de Carballo e conta con 575 alumnos e alumnas. Desde a Dirección do centro, mais tamén desde a ANPA, comunicáronlle á Consellería de Educación que neste centro 20 destas





crianzas están recoñecidas como alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE), ao tempo que 180 teñen certificación como alumando con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE). Constitúen, polo tanto, un 35 % do total. Desde a comunidade educativa denuncian que estas crianzas non están a recibir a atención á que teñen dereito por lei ante a insuficiencia do persoal docente e especialista. Situación agravada polo feito que neste momento hai 50 alumnos pendentes de valoración por parte da única orientadora do centro, que certo elevarán a porcentaxe de alumnado con necesidade de apoio certificado. Existe neste centro un nutrido grupo de alumnado sen competencia en lingua galega ou castelán, que fai tamén necesario dotar a este centro dun Grupo de Adquisición de Linguas, dotado de profesorado.

Non se trata só do presente, estamos defendendo o futuro de toda unha xeración. O Goberno galego debe atender as peticións das nais e pais e responder adecuadamente.

Ademais, os pais e nais denuncian que se lles priva de acceso a información crucial sobre os seus fillos, sendo sempre os últimos en recibila.

Non debemos esquecer que os recursos de Audición e Linguaxe (AL) e Pedagogía Terapéutica (PT) son para todo o alumnado, non só para nenos con necesidades específicas. Todos temos dereito a unha educación que nos dé os recursos necesarios para que sexa inclusiva e igualitaria.

En definitiva, é necesario e urxente que a Consellería se reúna coas familias e equipo directivo do centro e atenda a súas xustas demandas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 13:53:39
Nº Rexistro: 17050
Data envío: 13/01/2025 13:53:39.996

Polo anteriormente exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai a Consellería de Educación a cumprir de forma urxente coas reivindicacións das nais e pais do colexio Bergantiños en Carballo para atender aos nenos/as con necesidades educativas especiais e incorporar un segundo orientador/a ao centro?

Santiago de Compostela, a 14 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 13/01/2025 12:49:53

Julio Abalde Alonso na data 13/01/2025 12:50:04

Silvia Longueira Castro na data 13/01/2025 12:50:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o insuficiente número de prazas ofertadas nas escolas infantís da cidade da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza comunicou no pasado mes de novembro ao Estado que vai devolver 22 millóns de euros procedentes de fondos europeos, correspondentes ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, destinados á creación de prazas en escolas infantís, que permitirían crear até 3.417 novas prazas públicas de educación infantil de 0 a 3 anos.

O goberno galego manifestou en diversas ocasións a súa discrepancia coa distribución destes fondos por non poder utilizalos para outros fins, como obras en escolas xa existentes ou para subvencionar centros privados incorporados ao programa de gratuidade que está vixente en Galiza desde o curso 2022-23.

O sistema da gratuidade da Xunta de Galiza subvenciona con diñeiro público escolas infantís privadas, que non forman parte do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar. Na actualidade, das máis de 30.000 prazas dispoñíbeis en Galiza, máis dunha terceira parte pertencen á rede privada (13.552), outra terceira á pública autonómica (10.142) e case un 20% aos concellos. De acordo coa FEGAMP, a Xunta de Galiza aboa algo máis de 90 euros mensuais por crianza ás escolas infantís municipais,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mentres que as escolas infantís privadas reciben 310 do goberno galego por alumno ou alumna.

As listaxes provisionais resultantes do baremo extraordinario de decembro de persoas admitidas e de agarda nas Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar para o curso 2024/2025, publicadas hai uns días, indican que na cidade da Coruña a oferta de prazas nas tres escolas infantís públicas é totalmente insuficiente e incapaz de atender a actual demanda, pois acaban de quedar en listaxe de agarda un total de 161 crianzas.

Desde o BNG non entendemos a irresponsabilidade do goberno da Xunta, que rexeita o apoio económico do goberno do Estado para reforzar a atención educativa na etapa 0-3, e en correspondencia facilitar a conciliación familiar, ao tempo que impide o acceso a unha praza na escola infantil pública por insuficiente oferta de prazas, totalmente inadecuada esta á demanda actual.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Como valora o goberno da Xunta que 161 crianzas queden sen praza adxudicada no baremo extraordinario do pasado mes de decembro nas Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar?
- Cales son as medidas previstas polo goberno galego para atender a demanda de prazas públicas en Educación Infantil na cidade da Coruña?
- O goberno galego ten previsto aumentar o número de prazas públicas de Educación Infantil na comarca da Coruña?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que renuncia o goberno á axuda económica do goberno do estado para reforzar a oferta de prazas nas escolas de educación infantil que evitaría a elevada listaxe de agarda actual na Coruña?

- Que medidas vai impulsar a Xunta para evitar que esta situación se reitere no curso 2025-2026?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Ariadna Fernández González

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2025 16:31:02

Ariadna Fernández González na data 13/01/2025 16:31:06

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2025 16:31:14





Á Mesa do Parlamento

Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Patricia García González, Julio García Comesaña, Miguel Fidalgo Iglesias, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Raúl Santamaría González, e Cecilia Vázquez Suárez deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular** de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª Educación e Cultura**.

O mundo do audiovisual é necesario nos tempos que corren. Xa sexa unha serie, unha película ou un documental, entre outros medios, sérvenlle á cidadanía para distraerse ou para reivindicar ou visibilizar unha realidade concreta.

O mundo audiovisual galego ademais de posuír os beneficios anteriormente mencionados, incorpora a vantaxe de que visibiliza a lingua galega, así como que realiza unha aproximación, para ás novas xeracións, pois facilita un contacto con esta lingua fóra do ámbito educativo ou familiar.

É máis, dentro deste ámbito obtivemos resultados tan excepcionais, que mesmo traspasaron fronteiras e empezan a situar a Galicia nun lugar importante a nivel internacional, xa que temos producións destacadas como poden ser *A lingua das bolboretas*, *O sabor das margaridas* ou *As Bestas*.

Pero é evidente que producións audiovisuais son custosas, xa que, por exemplo, o medio "Audiovisual451" fala de que o orzamento medio dunha longametraxe en España no ano 2022 era de 3,4 millóns de euros. En consecuencia cómpre promover os apoios precisos para reducir os seus custos. E é neste punto no que entra en xogo a aposta da Xunta de Galicia polo talento audiovisual cun novo investimento que, entre outras permite promover iniciativas de fomento do talento audiovisual en laboratorios, incubadoras e residencias.

Polo que desde ou Grupo Popular non Parlamento de Galicia, formulamos as seguintes preguntas, para a súa resposta oral:

- 1.- Cal é a contía e os requisitos das axudas destinadas pola Xunta de Galicia en apoio do talento audiovisual?
- 2.- Que tipo de actividades son financiadas pola Xunta de Galicia coas axudas de impulso ao talento audiovisual?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 14/01/2025 10:28:18

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2025 10:28:54

María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/01/2025 10:29:03

Miguel Fidalgo Iglesias na data 14/01/2025 10:29:09

Julio García Comesaña na data 14/01/2025 10:29:22

Patricia García González na data 14/01/2025 10:29:32

José Luis Ferro Iglesias na data 14/01/2025 10:29:44

Víctor Baladrón Lamas na data 14/01/2025 10:29:57

Raúl Santamaría González na data 14/01/2025 10:30:08

Cecilia Vázquez Suárez na data 14/01/2025 10:30:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Katherine Varela Fernández e Roberto Rodríguez Martínez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

A Xunta de Galicia activou en xullo de 2023 a aplicación web que permite controlar o acceso de visitantes ao Areoso, na Illa de Arousa, e publicou no Diario Oficial de Galicia a orde reguladora de usos públicos e actividades permitidas no espazo natural que conforman o arquipélago dos Guidoiros (do que forma parte este illote) e a illa da Rúa.

Segundo explicou o Goberno galego, o obxectivo desta medida é garantir o equilibrio entre a protección dos valores e recursos naturais e o aproveitamento público deste espazo, que nos últimos anos viña rexistrando unha importante afluencia de visitantes. Este sistema, parecido ao que se emprega para o acceso ao monumento natural da praia das Catedrais, limita a 150 os visitantes diarios permitidos no illote arousán a través de tres quendas de visitas (do amencer ás 13,00 horas; das 13,00 horas ata as 17,00 horas; e das 17,00 horas ata o solpor).

Transcorridos os primeiros meses da súa posta en marcha, desde o grupo parlamentario popular consideramos importante saber como foi a implantación deste sistema e cales foron os primeiros resultados da súa aplicación.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cantas persoas visitaron o illote Areoso desde a posta en marcha do sistema de acceso de visitantes e que balance fai a Xunta?.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 14/01/2025 11:17:37

Carmen Pomar Tojo na data 14/01/2025 11:17:59

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/01/2025 11:18:10

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2025 11:18:30

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/01/2025 11:19:55

María Deza Martínez na data 14/01/2025 11:20:06

Cristina Campero Dorado na data 14/01/2025 11:20:32

José Luis Ferro Iglesias na data 14/01/2025 11:20:45

Katherinie Varela Fernández na data 14/01/2025 11:20:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación da lingua galega nas subcontratas do SERGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pasaron máis de 40 anos desde a aprobación da Lei de normalización lingüística, que indica entre os seus obxectivos para o ámbito da sanidade pública e privada:

- Lograr que todos os dispensadores de servizos sanitarios e asistenciais teñan coñecemento de galego abondo para poderen practicar a Oferta positiva nesta lingua.
- Garantir o cumprimento dos dereitos lingüísticos dos usuarios de servizos sanitarios e asistenciais.
- Promover a normalización do uso da lingua galega nas empresas privadas dispensadoras de servizos sanitarios e asistenciais.
- Garantir o cumprimento dos dereitos lingüísticos dos usuarios de servizos sanitarios e asistenciais.

Os obxectivos específicos para esta área son:

- Garantir o dereito dos cidadáns galegos a que a atención e prestación de servizos sanitarios





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e asistenciais sexan na lingua propia do país.

- Asegurar que ningún cidadán galego se sinta discriminado ou obstaculizado por utilizar o galego nas súas relacións coas institucións sanitarias, respectando os seus dereitos lingüísticos e culturais.

E as medidas que establece o PXNL para esta área:

- 5.1.1. Establecer con claridade os dereitos lingüísticos dos usuarios dos servizos de sanidade e as correspondentes obrigas do persoal sanitario.
- 5.1.2. Elaborar un Manual dos Servizos de Recepción para o uso cotián na asistencia sanitaria.
- 5.1.3. Campaña de información entre os usuarios da sanidade para que coñezan o seu dereito a que os atendan en galego.
- 5.1.4. Campaña de información entre os profesionais da medicina pública e privada verbo da utilidade terapéutica de utilizar a lingua do paciente, os dereitos do usuario a que o atendan en galego e invitándoos a practicar a Oferta positiva cos seus pacientes.
- 5.1.5. Crear un premio anual de recoñecemento a aqueles establecementos sanitarios que máis se destaquen na tarefa da normalización lingüística.
- 5.1.6. Establecer cláusulas a prol da normalización lingüística nas distintas modalidades de contrato para a prestación de servizos sanitarios que subscribe o Servizo Galego de Saúde con entidades privadas.

Ademais disto, a diagnose do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega indica entre os puntos débiles no ámbito da sanidade que se constata “unha gran





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dificultade para a normalización do galego na sanidade privada”, polo que entendemos que será preciso facer un esforzo especial neste sector.

A Carta Europea de Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional ratificado polo Reino de España en 2001, cuxo artigo dedicado á sanidade establece que os estados membros se comprometen a “asegurar que os servizos sociais como hospitais, residencias de anciáns e albergues ofrecen a posibilidade de recibir e atender na súa propia lingua empregando unha lingua rexional ou minoritaria a aqueles que precisen coidados por mor de enfermidade, a idade ou outras razóns”.

A situación da lingua galega nas empresas privadas que contratan servizos sanitarios co SERGAS é moi precaria, practicamente inexistente, polo que consideramos que o goberno galego debe establecer algún mecanismo de control das obrigas destas empresas neste ámbito e de protección dos dereitos lingüísticos da cidadanía.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Como valora o goberno galego a escasa presenza do galego nos servizos sanitarios privados?
- Que informes ou recollidas de datos vai levar a cabo o goberno sobre o uso do idioma galego no ámbito sanitario privado?
- Que iniciativas desenvolveu o goberno galego nos últimos 4 anos para o fomento do uso do idioma galego nos servizos sanitarios privados, nomeadamente nas empresas que teñen subcontratados servizos do SERGAS?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas do Plan xeral de normalización da lingua galega, de entre as referidas ao ámbito da sanidade privada, ten previsto impulsar o goberno galego na presente lexislatura?

- Que medidas prevé levar a cabo para incrementar o seu uso neste ámbito?

- Ten previsto establecer algún mecanismo para establecer cláusulas a prol da normalización lingüística nas distintas modalidades de contrato para a prestación de servizos sanitarios que subscribe o Servizo Galego de Saúde con entidades privadas?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 14/01/2025 11:30:24

Iria Carreira Pazos na data 14/01/2025 11:33:49

María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2025 11:34:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 14/01/2025 11:34:49

Daniel Castro García na data 14/01/2025 11:35:40





A Mesa do Parlamento

Raúl Santamaría González, Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Katherinie Varela Fernández e Roberto Rodríguez Martínez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

O Plan de Saneamento Local da Ría de Arousa elaborado pola Xunta puxo de manifesto un funcionamento deficiente da rede de saneamento do concello de Vilagarcía pola entrada á rede de auga de mar e pola achega de pluviais. Constatou, ademais, un exceso de sólidos na rede que producen obstrucións e que os colectores teñen unha capacidade hidráulica insuficiente. Como consecuencia destas deficiencias, prodúcense verteduras ao medio e inundacións de augas residuais en distintos puntos da rede.

Para resolver estes problemas, e en apoio ao Concello nas súas competencias municipais de saneamento e depuración, a Xunta está a executar obras de mellora na rede de saneamento por importe de máis de 10 M€, que tamén financia integramente.

Ademais, está a impulsar outra importante actuación para a mellora da depuradora á que destinará un investimento de 23 M€.

Co propósito de coñecer polo miúdo os detalles das obras que se van a acometer nesta ría os deputados e deputadas asinantes formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta en Comisión:

En que estado se atopan as obras que está a executar o Goberno galego en Vilagarcía de Arousa para mellorar o sistema de saneamento municipal?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Raúl Santamaría González na data 14/01/2025 11:34:12

Gonzalo Trenor López na data 14/01/2025 11:34:35

María Deza Martínez na data 14/01/2025 11:34:47

Katherinie Varela Fernández na data 14/01/2025 11:35:12

José Luis Ferro Iglesias na data 14/01/2025 11:35:21

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/01/2025 11:35:36

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/01/2025 11:35:49

Cristina Campero Dorado na data 14/01/2025 11:36:11

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2025 11:36:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, Secundino Fernández Fernández, Luis Bará Torres e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta cunha superficie forestal de preto de dous millóns de hectáreas, e a actividade forestal en Galiza xera oportunidades e valor, distribuída entre os miles de silvicultores e centos de comunidades veciñais que venden madeira ao ano. En 52 dos 313 concellos galegos, a industria de base forestal representa máis do 30 % dos establecementos industriais.

Con esta necesidade, creouse a Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) no ano 2017, como unha axencia pública autonómica adscrita, en principio, á consellería de industria, logo a de medio rural e, neste pasado 2024 logo da ameaza de peche, volveuse a adscribir de novo a Consellería de Industria.

Pero, Galiza, para liderar a economía baseada no recurso forestal, precisaría que se primase un enfoque con base na innovación e na mellora tecnolóxica que, obviamente, necesitará de investimentos tanto en I+D como en dotar a man de obra de coñecementos e medios tecnolóxicos. E, para lograr e manter calquera resultado de desenvolvemento sectorial que comporte innovacións relevantes, dependese da capacidade de múltiples actores interconectados (Xunta, sociedade civil, sector privado e empresas individuais, universidades e centros tecnolóxicos, etc.) que traballen xuntos de maneira efectiva. Este conxunto de actores interconectados que consegue que as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ideas innovadoras se xeren, se desenvolvan, proben e, en última instancia, se apliquen na mellora sectorial é un “ecosistema”, non é a mera suma das súas partes.

E, aí a Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) podía ser un instrumento de xestión eficiente para o impulso da actividade económica asociada á industria forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación e tecnolóxicos vinculados á industria forestal.

A día de hoxe, desde o Grupo Parlamentar do BNG observamos con preocupación como os obxectivos marcados para a Axencia Xera non teñen o impulso necesario desde o Goberno da Xunta de Galiza e, varios deles consideramos que entran incluso en contradición coas políticas executadas. En maio do 2024 fixeramos unha pregunta ao goberno, cando se tomou a decisión da supresión da Axencia, e, posteriormente houbo unha rectificación por parte do goberno incluíndo de novo a Xera na Consellería de Industria, pero pasados os meses vemos con preocupación como segue a ter un papel pouco relevante e que os obxectivos propostos non se están a cumprir e, incluso no caso da investigación, estanse a dar pasos para atrás.

Ademais, se analizamos a evolución temporal das dúas últimas décadas, vemos como a contribución do sector ao produto interior bruto perde peso desde o ano 2000. E, a facturación dos produtos finais da industria da Galiza xerados a partir da madeira galega descendeu 19,3% entre os anos 2006 e 2024, segundo os datos do informe da cadea forestal-madeira da Galiza 2023-2024. Os datos reflicten que a facturación da chamada segunda transformación da madeira pasou de 742 millóns de euros en 2006 a 599 en 2024. Con respecto a 2023 –cando as vendas foron de 605 millóns de euros–, a mingua no 2024 foi do 1% despois dun descenso de 6 millóns de euros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consideramos que o futuro do sector forestal necesita un impulso con diferentes puntos de apoio e que teña en conta o potencial de explotar as sinerxías entre as distintas partes deste.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Vai a Xunta potenciar a Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) e a fortalecer a coordinación desta coa consellaría do medio rural, co ecosistema investigador e coas entidades profesionais e empresariais para impulsar as grandes transformacións que precisa o sector forestal galego?

Dado que a facturación dos produtos finais da industria da Galiza xerados a partir da madeira galega descendeu 19,3% entre os anos 2006 e 2024, segundo os datos do informe da cadea forestal-madeira da Galiza 2023-2024, que ten pensado facer a Xunta de Galiza para reverter a situación?

Vai o goberno galego primar un enfoque con base na innovación e na mellora tecnolóxica e incrementar os investimentos tanto en I+D para liderar a o desenvolvemento económico dunha economía baseada no recurso forestal?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**
Secundino Fernández Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 14/01/2025 11:58:37

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 14/01/2025 11:58:42

Secundino Fernández Fernández na data 14/01/2025 11:59:00

Montserrat Valcárcel Armesto na data 14/01/2025 11:59:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de facer pública a programación do Ano Castelao dirixida ao público escolar neste 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego declarou o ano 2025 como Ano Castelao co gallo do 75 cabodano da súa morte.

Esta celebración ten como obxectivo contribuír ao coñecemento e divulgación da vida e da obra da máxima referencia política, intelectual e cultural contemporánea na construción da conciencia nacional galega.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ten anunciado un amplo catálogo de actividades para contribuír ao recoñecemento de Castelao entre a sociedade galega de hoxe.

Un pilar fundamental desta programación debe ser, sen dúbida, a educación co obxectivo de vincular o pensamento e obra de Castelao coas novas xeracións.

Neste sentido, o goberno non ten concretado publicamente cales son as accións deseñadas para o público escolar ou encamiñadas para se desenvolveren de forma específica no marco educativo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Que programación dirixida ao público escolar ten deseñada a Xunta para celebrar o Ano Castelao en 2025?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 14/01/2025 12:11:51

Cristina Fernández Davila na data 14/01/2025 12:15:49





A Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Katherine Varela Fernández e Roberto Rodríguez Martínez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

O pasado mes de abril, o pleno do Parlamento Europeo acolleu o debate sobre o informe relativo ao Regulamento sobre a Prevención das perdas de granza de plástico para reducir a contaminación por microplásticos, que obtivo un amplo respaldo da Cámara. Cómpre destacar que o texto final do Parlamento inclúe o transporte marítimo dos pélets, tal e como viña pedindo nos últimos meses o Grupo Parlamentario Popular europeo.

Polo que, grazas a este esforzo dos eurodeputados populares, por primeira vez a Unión Europea vai contar cunha regulación específica sobre a perda de pélets no mar. De feito, o recente episodio do Toconao en augas do Atlántico, no que destacou a xestión da Xunta de Galicia, puxo de manifesto a conveniencia de que o transporte marítimo dos pélets fose incluído no ámbito de aplicación do novo Regulamento europeo.

E neste sentido foron redactadas as emendas presentadas polo Partido Popular Europeo, que finalmente foron tidas en conta, o que permitiu enriquecer a proposta orixinal da Comisión Europea. O que permitirá, deste xeito, endurecer as condicións de transporte destes plásticos co obxectivo de impedir ou limitar a súa capacidade para producir incidentes.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte pregunta en Comisión:

1. Cal e valoración da Xunta de Galicia sobre a inclusión do transporte marítimo de pellets no regulamento europeo sobre a prevención de perdas de granzas de plástico?





Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 14/01/2025 12:41:18

Carmen Pomar Tojo na data 14/01/2025 12:41:37

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2025 12:41:50

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/01/2025 12:42:05

Katherinie Varela Fernández na data 14/01/2025 12:42:19

Cristina Campero Dorado na data 14/01/2025 12:42:29

María Deza Martínez na data 14/01/2025 12:44:43

José Luis Ferro Iglesias na data 14/01/2025 12:45:06

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/01/2025 12:48:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Katherine Varela Fernández e Roberto Rodríguez Martínez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

A Xunta de Galicia aprobou o novo Plan sectorial de xestión de residuos industriais de Galicia (Priga), que pretende ser un instrumento clave para abordar de maneira efectiva a xestión de residuos industriais na Comunidade ata 2030. Este plan alíñase coas directivas europeas e as estratexias de economía circular, cambio climático e enerxía, tendo como obxectivo principal facilitar a transición das empresas galegas cara a un modelo de economía circular.

Entre os obxectivos cuantitativos do Priga, destácase a redución da produción de residuos industriais nun 15% para 2025 en comparación cos niveis de 2010, contribuíndo así á contención das emisións contaminantes.

Así mesmo, promoverase o uso de materias primas recicladas no sector industrial, apoiando a economía circular e reducindo a dependencia de recursos naturais virxes.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

1. Cales son as principais medidas contempladas no novo Plan sectorial de xestión de residuos industriais de Galicia (Priga)

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 14/01/2025 12:57:25

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/01/2025 12:57:43

Carmen Pomar Tojo na data 14/01/2025 12:57:51

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2025 12:58:06

Katherinie Varela Fernández na data 14/01/2025 12:58:26

Cristina Campero Dorado na data 14/01/2025 12:58:36

José Luis Ferro Iglesias na data 14/01/2025 12:58:47

María Deza Martínez na data 14/01/2025 12:58:57

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/01/2025 12:59:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Ariadna Fernández González e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o número de prazas nas escolas infantís da comarca da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza comunicou no pasado mes de novembro ao Estado que vai devolver 22 millóns de euros procedentes de fondos europeos, correspondentes ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, destinados á creación de prazas en escolas infantís, que permitirían crear até 3.417 novas prazas públicas de educación infantil de 0 a 3 anos.

O goberno galego manifestou en diversas ocasións a súa discrepancia coa distribución destes fondos por non poder utilizalos para outros fins, como obras en escolas xa existentes ou para subvencionar centros privados incorporados ao programa de gratuidade que está vixente en Galiza desde o curso 2022-23.

O sistema da gratuidade da Xunta de Galiza subvenciona con diñeiro público escolas infantís privadas, que non forman parte do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar. Na actualidade, das máis de 30.000 prazas dispoñíbeis en Galiza, máis dunha terceira parte pertencen á rede privada (13.552), outra terceira á pública autonómica (10.142) e case un 20% aos concellos. De acordo coa FEGAMP, a Xunta de Galiza aboa algo máis de 90 euros mensuais por crianza ás escolas infantís municipais,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mentres que as escolas infantís privadas reciben 310 do goberno galego por alumno ou alumna.

As listaxes provisionais resultantes do baremo extraordinario de decembro de persoas admitidas e de agarda nas Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar para o curso 2024/2025, publicadas hai uns días, indican que na comarca da Coruña (cidade da Coruña, Arteixo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada) hai 388 nenos e nenas en listaxe de agarda, deixando clara constancia de que existe demanda de prazas nas escolas infantís públicas, que o goberno galego non está a atender axeitadamente, polo que entendemos que non está en absoluto xustificado rexeitar o financiamento europeo que permitiría a creación de máis de 3.000 prazas públicas de Educación Infantil en toda Galiza.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Cales son as medidas previstas polo goberno galego para atender a demanda de prazas públicas en Educación Infantil na comarca da Coruña?

O goberno galego ten previsto aumentar o número de prazas públicas de Educación Infantil na comarca da Coruña?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**
Ariadna Fernández González
Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 14/01/2025 13:04:29

Ariadna Fernández González na data 14/01/2025 13:06:50

Mercedes Queixas Zas na data 14/01/2025 13:07:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Manuel Golpe Acuña e Secundino Fernández Fernández, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre o funcionamento da Oficina agraria da Xunta no Concello de Cedeira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Cedeira hai unha Oficina agraria da rede de oficinas agrarias comarcais da Consellaría de Medio Rural. Lóxico, tendo en conta a importancia das actividades agro-gandeiras nesta zona.

De feito, esta oficina debería dar servizo ás persoas dos concellos de Cedeira, Cerdido e Moeche, todos eles de marcado carácter rural, no que abundan, sobre todo, as explotacións gandeiras, tal e como constatan as estatísticas agrarias de estrutura produtiva segundo as cales no ano 2023 nestes concellos existían 195, 72 e 92 explotacións de vacún, con 1.254, 395 e 920 vacas, respectivamente.

É claro que existen tamén explotacións de outros animais así como terras dedicadas a diferentes cultivos, mais nada comparábel á dimensión da actividade gandeira de vacún.

A Oficina agraria de Cedeira conta, segundo podemos comprobar na Relación de postos de traballo da Consellaría de Medio Rural, con 3 postos, 2 da categoría de técnicos e 1 da categoría de administrativo.

Isto, cando menos, é o que di a información oficial, pois na verdade a oficina permanece pechada desde hai meses, derivando ás persoas que demandan os seus





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizos a outras oficinas. No caso concreto dos veciños e veciñas de Cedeira son derivados e derivadas para todas as xestións que precisen realizar á Oficina de Ortigueira, o que supón un grave prexuízo en desprazamentos e tempo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Por que está pechada a Oficina agraria do concello de Cedeira?
2. Por que non se cobren as prazas da RPT?
3. Por que deixou de prestarse o servizo de veterinario?
4. Por que a Xunta de Galiza desatende as necesidades do concello de Cedeira relacionadas co seu desenvolvemento agro-gandeiro?
5. Cando pensa a Xunta de Galiza repoñer o persoal e os servizos da Oficina agraria do concello de Cedeira?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**
Xosé Manuel Golpe Acuña
Secundino Fernández Fernández
Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 14/01/2025 13:08:43

José Manuel Golpe Acuña na data 14/01/2025 13:08:48

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/01/2025 13:08:56





Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Katherinie Varela Fernández e Roberto Rodríguez Martínez deputada e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.

A lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular promovida desde o Goberno de España non só está a repercutir moi negativamente na sostibilidade económica das empresas de xestión e tratamento de residuos e, en consecuencia, no peto dos concellos e cidadáns en aplicación do imposto ao vertido e á incineración, senón que vai máis aló ao ter establecido que, con carácter obrigatorio, os entes locais apliquen, a partir do 10 de abril de 2025, unha taxa diferenciada, e non deficitaria, pola xestión e tratamento de residuos que reflicta os custes reais do servizo, incluíndo o das campañas de concienciación social.

O Grupo Popular móstrase moi crítico coa pretensión do Goberno que preside Pedro Sánchez de obrigar aos concellos a establecer unha taxa de lixo que se verá incrementada de forma substancial a partir do 10 abril de 2025, supoñendo un desembolso económico sen precedentes para os cidadáns, que son os auténticos sufridores da política recadatoria dun Executivo estatal que castiga aos de sempre, dada a incapacidade deste de estipular medidas xustas que velen polas economías familiares e o benestar da poboación.

Se ben desde Madrid din que a lei estatal se enmarca na transposición da Directiva de Residuos, o certo é que esta Directiva non impón directamente aos Estados membros a obriga de establecer taxas de lixo específicas, senón que alude á necesidade de acadar determinados obxectivos para a redución, a reutilización e a reciclaxe de residuos municipais, ao tempo que dá conta de distintos instrumentos económicos e medidas para promover a xestión xerarquizada dos mesmos. Sirva como exemplo os impostos ao vertido e á incineración, que 18 Estados membros non están a aplicar, ben porque consideran que non responden aos obxectivos previstos ou ben porque solicitaron moratorias.

Chama a atención que o Goberno central pretenda sancionar economicamente aos cidadáns e os responsabilice da súa incapacidade para cumprir os obxectivos europeos en materia de residuos, cando a axuda que presta aos entes locais na dotación de medios e infraestruturas é mínima, por non dicir inexistente, polo que teñen que ser as comunidades autónomas as que auxilien aos entes locais, como fixo en 2024 a Xunta





de Galicia a través dun Fondo de Cooperación Local adicional para atenuar a actualización do canon de Sogama debido a decisións unilaterais de Pedro Sánchez, e como fará de novo en 2025.

Partindo desta situación, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentan a seguinte pregunta oral:

- Que lle parece ao Goberno galego esta imposición da Lei de residuos estatal que se traduce nun prexuízo directo á cidadanía?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 14/01/2025 13:12:32

Carmen Pomar Tojo na data 14/01/2025 13:12:48

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/01/2025 13:13:08

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2025 13:13:25

María Deza Martínez na data 14/01/2025 13:13:40

Katherinie Varela Fernández na data 14/01/2025 13:13:51

Cristina Campero Dorado na data 14/01/2025 13:14:02

José Luis Ferro Iglesias na data 14/01/2025 13:14:18

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/01/2025 13:14:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

A Comunidade Autónoma de Galicia acaba de coñecer a apertura por parte da Unión Europea dun expediente de infracción ao Reino de España en materia de residuos por non cumprir os obxectivos de preparación para a reutilización e a reciclaxe de residuos municipais. Trátase da acta de infracción (2024) 2147 por incumprimento dos obxectivos establecidos na Directiva 2008/98/CE (art.11, apartado 2, letra a) e na Directiva 2012/19/UE (Art.7, apartado 1) .

España non está a cumprir cos obxectivos europeos encamiñados a darlle unha segunda vida aos residuos para promover unha economía circular e mesmo, así o recoñece, na carta de resposta enviada á Comisión Europea con data 25 de setembro 2024.

Non cumpre no relativo de aumentar, antes de 2020, como mínimo, ata un 50% global do seu peso a preparación para a reutilización e a reciclaxe de residuos de materiais como o papel, os metais, o plástico e o vidro dos residuos domésticos; e de acadar, a partir de 2019, un índice de recollida mínimo anual do 65 % do peso medio dos Aparatos Eléctricos e Electrónicos (AEE).

Para xustificar estes incumprimentos, o Goberno Central apela a que para alcanzar os obxectivos fixados xa contemplou na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular a creación da taxa do lixo, coñecida como o taxazo municipal, que a partir do 10 de abril de 2025 é unha obriga para todos os concellos.

É unha imposición do Goberno do Estado ás entidades locais, motivada polo seu gran afán recadador. Traslada aos concellos os seus incumprimentos e, o que é peor, a cidadanía será quen pague o resultado da nefasta xestión de Pedro Sánchez.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta oral:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a apertura por parte da Unión Europea dun expediente de infracción ao Goberno de España en materia de residuos por non cumprir os obxectivos de preparación para a reutilización e a reciclaxe de residuos municipais?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 14/01/2025 13:25:15

Cristina Campero Dorado na data 14/01/2025 13:25:54

José Luis Ferro Iglesias na data 14/01/2025 13:26:24

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2025 13:26:34

Carmen Pomar Tojo na data 14/01/2025 13:26:52

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/01/2025 13:27:23

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/01/2025 13:27:52

Katherinie Varela Fernández na data 14/01/2025 13:29:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás accións a desenvolver polo Goberno galego diante da situación extrema do sector do mar galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos que se veñen de coñecer a través da Plataforma Tecnolóxica da Pesca da Consellaría de Mar, a respecto do sector pesqueiro no seu conxunto relativos ao exercicio de 2024 confirman todas e cada unha das advertencias das entidades e dos profesionais non só durante o último ano senón dende hai máis dunha década.

O descenso de peixe e marisco vendido no 2024 nas lonxas galegas, de case 24.000 Tn., un 18% menos que no 2023, a baixada de máis de 30 millóns de euros na facturación, un 7,5% menos que no 2023, ou a redución de 222 permisos de marisqueo a pé, un 6,3% menos que no 2023, son datos arrepiantes que confirman a debilidade extrema dun sector fundamental para a economía galega e para o desenvolvemento de comarcas enteiras do noso país.

Son datos, ademais, que certifican a falta dunha verdadeira política pesqueira por parte do Goberno galego e un rotundo fracaso da Consellería de Mar que non tivo nin ten como obxectivo prioritario potenciar un sector vital e do que dependen miles de postos de traballo directos e indirectos en Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A proba máis evidente do descalabro é a situación límite do marisqueo, onde as competencias exclusivas son dun Goberno galego que renuncia sistematicamente a exercelas e onde a política de “parches” puntuais e de falta de partidas orzamentarias potentes para apoiar e potenciar ao sector téñenlle feito moito dano e provocado que non teña apenas expectativas de futuro.

De nada valeron en todos estes anos os avisos e as peticións reiteradas do sector, de nada tampouco as advertencias do ámbito científico e moito menos as ducias de propostas da oposición na Cámara galega que, aínda sendo tidas en conta nalgúñas ocasións polo Grupo Parlamentario Popular, nunca foron levadas a cabo polo Executivo galego.

A situación actual é alarmante e o Goberno galego ten a obriga de, cando menos, tentar paliar, a comezar por ter un estudo exhaustivo do estado das rías galegas, das causas da perda incesante de produtividade para poder, finalmente, establecer un paquete de medidas que deteñan a sangría.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

- . Que valoración fai a Xunta de Galiza da situación actual do conxunto do sector do mar galego?
- . Que valoración fai dos datos de baixada de vendas e facturación nas lonxas galegas no 2024, así como da perda de postos de traballo no sector?
- . Que valoración fai nomeadamente do declive que está a vivir o sector marisqueiro galego?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que valoración fai do impacto social e económico que xa está a ter sobre o propio sector e sobre as comarcas costeiras do país?

. Que medidas está a levar a cabo para tratar de reverter a situación?

. Considera que cómpre cambiar de rumbo a actual política pesqueira do Goberno galego? Se é así, en que dirección?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 14/01/2025 13:30:10

Paulo Ríos Santomé na data 14/01/2025 13:33:16

Carmela González Iglesias na data 14/01/2025 13:33:49

Daniel Castro García na data 14/01/2025 13:34:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 14/01/2025 13:34:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o número de prazas nas escolas infantís da comarca do Deza-Tabeirós e Terra de Montes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de facerse pública, por parte da Consellería de Política Social, a listaxe provisional de admitidos nas escolas infantís da Galiña Azul da comarca na convocatoria de prazo excepcional de decembro do 2024, coñecemos que no Deza-Tabeirós e Terra de Montes quedaron 43 crianzas en lista de agarda.

Os concellos onde máis nenos e nenas quedaron fóra deste servizo que, segundo o goberno da Xunta de Galiza é gratuíto e universal, foron Silleda, con 12 cativas/os e Lalín, onde hai 20 en lista de agarda repartidos entre a escola infantil do Polígono Lalín 2000 e a do Pontiñas, sendo 8 e 12 respectivamente os que quedaron sen a praza solicitada. Non menos importantes foron as familias das crianzas de Vila de Cruces e A Estrada, con 6 e 5 crianzas que permanecen en lista de agarda tras coñecerse aos admitidos/as.

É preciso lembrar, que no caso da comarca en cuestión, igual que no resto do país, ano tras ano dende que se implantou a gratuidade para todas, hai sempre crianzas que fican sen a súa praza, demostrando que son insuficientes de xeito evidente, sen que se aumente a oferta de xestión pública para facerlle fronte á demanda, cada vez maior, deste servizo de conciliación. No caso de aumentarse, coma ocorreu recentemente en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Lalín, é derivado de situacións sobrevidas e que non teñen máis solución que poñerlle remedio sobre a marcha, feito que denota que a previsión e a intención de que as prazas públicas sexan abundas para atender ás solicitudes é inexistente, favorecendo deste xeito a iniciativa privada, que nos custa moito máis a todas e todos os galegos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

. Por que motivo non se utilizaron os fondos europeos para aumentar a oferta de prazas de escola infantil de carácter público na comarca de Deza-Tabeirós e Terra de Montes, sendo coñecedores de que son insuficientes ano tras ano?

. Como vai solucionar o goberno da Xunta de Galiza a insuficiencia de prazas para o curso próximo nesta comarca?

. Cantas prazas de escolas infantís públicas se crearon na comarca de Deza-Tabeirós e Terra de Montes os dous últimos cursos (23/24 e 24/25)?

. Considera a Consellería de Política Social que se está a prestar un servizo universal e gratuíto de escolarización infantil 0-3 na comarca de Deza-Tabeirós e Terra de Montes?

. Cantas prazas de carácter privado se ofertan actualmente na comarca citada e cantas de xestión pública?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 14/01/2025 16:16:49

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2025 16:19:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Noa Presas Bergantiños e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre a demanda que a Xunta de Galiza debe facer respecto do SMI.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno español está a ser noticia nos últimos días polo seu desacordo interno a respecto da cantidade que debe aumentar o Salario mínimo interprofesional.

Mais o certo é que ningunha das cantidades que están a ser obxecto de discusión se achegan ás recomendacións da Carta Social Europea asinada polo Reino de España e que establece o SMI debe alcanzar, cando menos, 60% do salario medio.

O incumprimento desta recomendación ven sendo continuo desde o ano 2021, un período, debemos lembrar, no que crise inflacionaria castigou especialmente aos salarios máis baixos, e nos que a riqueza tense concentrado dun xeito nunca antes visto nas rendas do capital até o punto de que o 1% máis rico posúe 3 veces máis riqueza que o 50% da poboación máis pobre.

É preciso asumir dunha vez as recomendacións da Carta Social Europea para que os salarios podan recuperar poder adquisitivo e para camiñar cara unha sociedade que non se distinga polas súas desigualdades económicas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na actualidade o SMI español está nos 1.134 euros e representa o 51,5% do salario medio, que foi de 2.200 euros mensuais en 2024, segundo os datos da Axencia Tributaria. Esta cantidade está moi lonxe do salario mínimo recomendado polo Consello de Europa, que como dicimos debera acadar o 60% dese salario medio e polo tanto chegar aos 1.320,04 euros/mes para o 2025.

Esa cantidade de 1.320,04 euros mensuais tamén servirá de referencia para as categorías máis baixas dos convenios e o obxectivo salarial mínimo na negociación colectiva.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

Cantas persoas na Galiza cobran o SMI?

Que porcentaxe da poboación asalariada galega cobra o SMI?

Como afecta esta porcentaxe ao consumo interno e ao PIB da Galiza?

Cantas son mulleres?

Cantas son menores de 35 anos?

Por que a Xunta de Galiza non ten demandado do goberno do Reino de España o cumprimento das recomendacións da Carta social europea respecto da contía mínima do SMI?

Que opina a Xunta de Galiza do aumento da desigualdade no reparto da riqueza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Noa Presas Bergantiños

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 15/01/2025 09:46:28

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/01/2025 09:52:32

Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2025 09:53:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o centro de saúde de Silleda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Silleda conta cun centro de saúde de titularidade pública que se cedeu no ano 2017 á Consellería de Sanidade tras ser inaugurado no 2005, e cuxos custos se asumen dende ese momento por parte do SERGAS. Na actualidade presenta unha serie de eivas que afectan tanto aos usuarios/as coma ao persoal que traballa nel, cunha situación preocupante da súa infraestrutura, derivada, aparentemente, dunha falla clara de mantemento ao longo da súa vida útil.

Unha das deficiencias máis relevantes son as filtracións presentes nas ventás da instalación, polas que entra auga que ten que recollerse en cubetas e que se seca con toallas que. A parte de traer consigo unha imaxe pouco acaída dun centro onde se atenden doentes, o resultado dun mal selado ten como efecto unha temperatura menor da aconsellable no interior, debida á falla evidente de illamento e da que se queixan os usuarios/as, xa que tamén o aire entra dende o exterior aumentando, así mesmo, os gastos de calefacción. Derivado disto, as paredes presentan humidades e mofos, nada recomendables nunhas instalacións nas que se atenden tanto persoas afectadas por diversas patoloxías, incluíndo xente que padece de enfermidades respiratorias coma, por exemplo, bebés.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outra das deficiencias manifestas é o estado da rampla de acceso ás instalacións, moi escorregadiza, e cuberta dunha alfombra de caucho para evitar caídas, función que nin tan sequera realiza ao estar gastada, e que levou a unha doente a sufrir un golpe que rematou cunha diagnose de fractura. É habitual que se produzan este tipo de sucesos polo esvaradía que é dita rampla e que se terían evitado de manter un bo estado de conservación da mesma, sen ter que lamentar os danos persoais.

Malia que no pleno do Concello se aprobou por maioría solicitarlle á Consellería de Sanidade que elaborara un informe sobre as deficiencias do centro de saúde de Silleda e tomara medidas para levar a cabo as melloras precisas, non se tiveron novas dende o mes de abril do pasado ano, de xeito que un inverno máis os veciños e veciñas sofren nestas condicións cando se achegan ás instalacións, ao igual que aqueles e aquelas traballadoras que pasan a súa xornada laboral neste estado. Dende aquel momento non se levaron a cabo actuacións para mellorar as condicións do centro, cuxo estado se agrava cando as condicións climatolóxicas son adversas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

. Prevé a Xunta de Galiza comezar as actuacións para corrixir as eivas do centro de saúde de Silleda antes de que chegue o inverno de 2025?

. Existe un informe por parte da Consellería de Sanidade, sobre as eivas que presenta a infraestrutura do centro de saúde de Silleda?

. Ten constancia a Consellería de Sanidade do accidente sufrido por unha doente nas instalacións do centro de saúde de Silleda, provocado polas deficiencias de ditas instalacións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 15/01/2025 10:31:50

María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2025 10:39:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Pérez López, Daniel Castro García e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás axudas por paralización da actividade do marisqueo a frote reguladas na Orde do 8 de maio de 2024 da Consellaría do Mar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Orde da Consellaría do Mar do 8 de maio de 2024 pola que se regulan as bases e a convocatoria para o ano 2024 das axudas, en réxime de concorrencia competitiva ás persoas armadoras e non competitiva ás persoas tripulantes, por paralización temporal da actividade marisqueira nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa dos Lombos do Ulla, O Bohído e Cabío, e nos bancos marisqueiros do Plan de xestión de moluscos bivalvos desde embarcación en zonas de autorización aprobado á Confraría de Pescadores de Noia e do Plan de xestión específico conxunto de moluscos bivalvos desde embarcación en zonas de libre marisqueo das confrarías de pescadores de Pontevedra, Lourizán, Raxó, Sanxenxo e Marín, foi publicada no DOG do 15 de maio de 2024.

Estaba dotada cun importe máximo de 7.200.000 euros, distribuído entre as axudas pola paralización temporal da actividade marisqueira das embarcacións afectadas-persoas armadoras (5.200.000 euros) e as axudas pola paralización temporal da actividade marisqueira das embarcacións afectadas-persoas tripulantes (2.000.000 de euros), que podía ser ampliado en función das disponibilidades orzamentarias, e a resolución das solicitudes debía emitirse no prazo máximo de catro meses contados dende o día seguinte ao remate do prazo de presentación de solicitudes, é dicir, en outubro do 2024.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tiña como obxectivo principal compensar os efectos da medida de conservación da veda temporal coas axudas de paralización temporal nos bancos marisqueiros sublitorais xa mencionados.

A Orde tivo unha corrección de erros, publicada no DOG do 4 de xullo do 2024, que non supoñía modificación do prazo de presentación de solicitudes.

Nela, como xa vén sendo habitual, non se tivo en conta o aprobado previamente por unanimidade no Parlamento galego, a iniciativa deste Grupo Parlamentar, na Comisión de Pesca do 7 de maio e, polo tanto, as persoas solicitantes tiveron que acreditar necesariamente os 120 días esixidos de actividade extractiva coas notas de venda realizadas nas lonxas ou centros de venda autorizados.

A convocatoria, malia ser moi demandada polo sector marisqueiro, neste caso de a frote, tardou en chegar 7 meses dende as primeiras e fortísimas choivas dos meses de outubro e novembro de 2023 que causaron tanto dano nos bancos marisqueiros. Ademais, os propios requisitos establecidos nela rebaixaron considerabelmente as expectativas dos traballadores e traballadoras do mar e a súa intención de solicitalas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

- . Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o impacto no sector marisqueiro das axudas que se convocan, en xeral, para cubrir as paralizacións temporais da actividade?
- . Que valoración fai sobre o impacto no sector marisqueiro de a frote das axudas convocadas pola Orde da Consellaría de Mar do 8 de maio de 2024?
- . Que importe total se executou finalmente dos 7.200.000 euros previstos nesa Orde?
- . Foi necesario amplialo? De ser así, en que cantidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que importe total se executou finalmente dos 5.200.000 euros destinados a axudas pola paralización temporal da actividade marisqueira das embarcacións afectadas-persoas armadoras?

. Que importe total se executou finalmente dos 2.000.000 de euros destinados a axudas pola paralización temporal da actividade marisqueira das embarcacións afectadas-persoas tripulantes?

. Cantas solicitudes se presentaron para optar a cada unha das liñas de axudas? Cantas foron estimadas en cada caso?

. No caso de non ser executado na súa totalidade, a que se destinou ou a que se vai destinar o importe non empregado nas axudas?

. Considera a Xunta de Galiza que as axudas mencionadas cubriron as necesidades ás que ían destinadas? De non ser así, por que razón?

. Considera que a porcentaxe de solicitudes presentadas é proporcional ao número de persoas afectadas? De non ser así, a que o atribúe?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Pérez López

Daniel Castro García

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/01/2025 10:32:29

Carmela González Iglesias na data 15/01/2025 10:32:38

Daniel Pérez López na data 15/01/2025 10:32:48

Daniel Castro García na data 15/01/2025 10:32:57

Paulo Ríos Santomé na data 15/01/2025 10:33:06





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes o **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O artigo 31.2 da Constitución Española sinala que o gasto público realizará unha asignación equitativa dos recursos públicos e a súa programación e execución responderán os criterios de eficiencia e economía.

Doutra banda, o artigo 135 da Constitución dispón que “todas as Administracións Públicas adecuarán as súas actuacións ao principio de estabilidade orzamentaria”.

O anterior fai compatible o ánimo do lexislador introducindo a programación e a planificación estratéxica da actividade subvencional das Administracións que quedou plasmado na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (en diante, LGS). Así, no seu artigo 8 (de carácter básico) establece que “os órganos das Administracións Públicas ou calquera que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

A antedicha planificación estratéxica foi posteriormente concretada e desenvolvida mediante o Real Decreto 887/2006, de 21 xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (en diante, RGS), así pois na súa Sección 1ª do Capítulo III, indícase que os Plans Estratéxicos de





Subvencións deben converterse en “un instrumento de planificación das políticas públicas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública”.

A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, sinala nos seus artigos 3 e seguintes os principios que han de rexer a actividade económica pública, entre os que se contan o de estabilidade orzamentaria, o de sustentabilidade financeira, o de transparencia ou o de eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos. En concreto, o seu artigo 7 sinala que:

“1. As políticas de gasto público deberán encadrarse nun marco de planificación plurianual e de programación e orzamentación, atendendo á situación económica, aos obxectivos de política económica e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. A xestión dos recursos públicos estará orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía e a calidade, a cuxo fin se aplicarán políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público.

3. As disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios, así como calquera outra actuación dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei que afecten os gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira”.

Pola súa banda, a LXS sinala, na súa exposición de motivos, que unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través de subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a





demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas ou privadas. No seu artigo 8.3 recolle os principios xerais polos que ha de rexerse a xestión das subvencións:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Así mesmo o artigo 8.1 da citada Lei establece que “os órganos das Administracións Públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento.

As bases reguladoras de cada subvención farán referencia ao Plan estratéxico de subvencións no que se integran, sinalando de que modo contribúen ao logro dos seus obxectivos; noutro caso, deberá motivarse por que é necesario establecer a nova subvención, mesmo aínda non sendo prevista no Plan, e a forma en que afecta o seu cumprimento”. A inclusión deste segundo parágrafo do artigo 8, entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2023. Esta regulación foi desenvolta polos artigos 10 a 15 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, debe ser interpretado no sentido de que a aprobación dun Plan Estratéxico de Subvencións, con carácter previo ao establecemento de calquera subvención, constitúe un requisito esencial do procedemento subvencional, de modo que o incumprimento desa obrigaón, por parte da Administración pública ou Entre





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2025 11:01:59
Nº Rexistro: 17242
Data envío: 15/01/2025 11:01:59.294

público convócate das axudas públicas pode determinar a nulidade da convocatoria da subvención pública como se ten pronunciado recentemente en interese casacional o Tribunal Supremo (TS) Sala Terceira, do Contencioso-administrativo, Sección 3ª na Sentencia 306/2021 de 4 de marzo de 2021.

Por ilo, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten previsto a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude aprobar no presente ano o Plan Estratéxico de Subvencións, cuxa aprobación resulta de obrigado cumprimento legal de conformidade co disposto no artigo 8.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e correlativo artigo 10 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo?


Santiago de Compostela, a 14 de xaneiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 15/01/2025 10:11:25

Elena Espinosa Mangana na data 15/01/2025 10:11:36





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-nZoYnvxuC-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

